


CGAC

————— CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA —————

INTRODUCCIÓN | ORGANIGRAMA | MEMORIA 2019 EXPOSICIÓN – ACTIVIDADES – CESIÓN DE ESPAZOS – PUBLICACIÓN – BIBLIOTECA – COLECCIÓN – INTERNET E REDES SOCIAIS – INFORME SOBRE NÚMERO DE VISITANTES | ORZAMENTO 2019-2020 | PROGRAMACIÓN 2020 EXPOSICIÓN – ACTIVIDADES – COLECCIÓN



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN 05

ORGANIGRAMA 07

MEMORIA 2019 09

EXPOSICIONES 09

ACTIVIDADES 15

CESIÓN DE ESPAZOS 25

PUBLICACIONES 27

BIBLIOTECA 31

COLECCIÓN 33

INTERNET E REDES SOCIAIS 41

INFORME SOBRE NÚMERO DE VISITANTES 43

ORZAMENTO 2019-2020 45

PROGRAMACIÓN 2020 47

EXPOSICIONES 47

ACTIVIDADES 53

COLECCIÓN 59

O Centro Galego de Arte Contemporánea é un espazo de difusión cultural cuxa principal misión consiste en dinamizar o panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea.

EXPOSICIÓNS

Desde os seus inicios, o CGAC amosou as liñas directrices da arte das últimas décadas mediante exposicións temporais dedicadas a difundir entre o público galego a obra de artistas de recoñecido prestixio internacional.

Outra das liñas de traballo do Departamento de Exposicións, centrada na investigación sobre a evolución histórica do contexto artístico en Galicia, concrétese nunha serie de exposicións de revisión de autores e momentos claves, pero sen esquecer a aposta polos talentos emerxentes, que lle corresponde ao museo como difusor e catalizador dos debates artísticos máis vixentes.

Por último, o centro dedica os seus esforzos á divulgación e posta en valor da Colección CGAC a través de presentacións temáticas e parciais dos seus fondos, que reflicten a diversidade de debates e tendencias representativas da arte actual.

COLECCIÓN

O centro conta, desde 1995, cunha colección permanente que non deixou de se enriquecer con incorporacións de obras procedentes do contexto galego e internacional, con especial atención aos artistas españois, portugueses e latinoamericanos.

Os seus fondos fóronse incrementando grazas a unha política de adquisicións coherente, baseada en criterios de calidade e diversidade. Na actualidade conta con máis de 1.300 pezas adquiridas con cargo aos orzamentos anuais da institución ou ben mediante doazóns de coleccionistas particulares, institucións ou artistas.

O centro alberga, ademais, fondos pertencentes á colección da Xunta de Galicia e á Colección Carlos Areán.

O crecente número de préstamos solicitados por outras institucións é, sen dúbida, o mellor indicador da relevancia e prestixio conseguidos pola política de adquisicións e depósitos desenvolvida até hoxe polos sucesivos equipos directivos do centro.

ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

O Departamento de Actividades e Educación do CGAC desenvolve o seu programa cunha finalidade primordial: achegar a arte á sociedade a través da análise rigorosa de cuestións cruciais inherentes á actividade artística contemporánea.

Por iso, ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas, a arquitectura, a moda e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

Ao mesmo tempo, o centro desenvolve programas específicos para familias, centros educativos, determinados grupos profesionais ou colectivos con necesidades especiais e mantén un servizo de visitas guiadas, co propósito de dotar os distintos públicos que se achegan ao museo das ferramentas necesarias para entender a arte actual e, por extensión, o mundo no que vivimos.

PUBLICACIÓNS

As publicacións son outro dos piares do proxecto cultural dun centro que, desde o inicio, prestou sempre especial atención ás posibilidades creativas da edición. O Departamento de Publicacións do CGAC encárgase da elaboración e supervisión do material gráfico e os documentos de difusión das exposicións e actividades do museo.

Baseándose nun modelo no que priman o diálogo e a colaboración cos diferentes axentes do mundo da arte, desenvolve unha intensa actividade editorial que se reflicte nos seus catálogos de exposicións, monografías e libros de artista, así como nunha liña paralela de publicacións que recompilan outros documentos e materiais incorporados ao seu fondo editorial a partir dos encontros e sinerxías xerados pola actividade do centro.


O catálogo do CGAC, que hoxe en día supera xa os 300 títulos, contribúe a documentar e divulgar as liñas de traballo desenvolvidas polos diferentes departamentos do centro, a afondar no estudo da arte contemporánea e a difundir nos circuitos internacionais da arte o traballo de artistas, críticos e comisarios.

BIBLIOTECA


Entre outros servizos, o CGAC conta cunha biblioteca especializada en arte e cultura contemporánea, dirixida a persoas investigadoras, estudantes e ao público en xeral. Entre as súas funcións principais destaca o labor de documentación e asesoramento que presta aos distintos departamentos do centro para o desenvolvemento da súa actividade.



ORGANIGRAMA DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA



EXPOSICIÓNS 2019



LORETO MARTÍNEZ TRONCOSO VESTIGES D'UN ICI, VESTIXIOS DE SI

COMISARIA: CHUS MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ

ARTISTA: LORETO MARTÍNEZ TRONCOSO

8 FEBREIRO - 10 XUÑO 2019

DOBRE ESPAZO, SOTO


O impulso creativo de Loreto Martínez Troncoso (Vigo, 1978) aparece tras a linguaxe e ten lugar na acción como lugar privilexiado desde o que explorar as densas relacións da *performance* coa súa propia historicidade, co seu presente. A artista constrúe un traballo conceptual destacado na complexa exploración dos códigos da oralidade, da xestualidade e da escrita, cos que formula escenarios e situacións que permiten a relación directa entre a arte e a vida, entre artista e públicos, cuestionando, sempre de forma tanxencial, estes roles no marco da institución da arte.

Vestigis d'un ici, vestixios de si formulou pequenas accións no espazo simbólico e arquitectónico do museo coas que explorou a idea do que retorna, do eco, e onde as obras, no encontro dunhas con outras, se transformaron para adquirir outros sentidos. Tamén foi fundamental o espírito colaborativo do proxecto, que contou coa produción doutros creadores e creadoras: nomeadamente a instalación de Elena Narbutaitė e a concepción dunha ópera co compositor Ramón Souto.

A través da exposición a artista relacionouse especificamente cos espazos do CGAC, e isto permitiulle explorar diferentes posibilidades de transformación nas obras e no discurso expositivo. Así, resultaron unha serie de decisións desenvolvidas ao longo do período expositivo que atinxían á temporalidade das pezas e ao espazo intervido,

e que se materializaron por medio da súa modificación, desactivación ou incorporación.

Esta exposición forma parte do programa anual de revisión de artistas galegos de media carreira que leva a cabo o CGAC desde o ano 2016.



RENÉ HEYVAERT

COMISARIOS: ANNE HEYVAERT, SANTIAGO OLMO

ARTISTA: RENÉ HEYVAERT

9 MARZO - 16 XUÑO 2019

PLANTA BAIXA

A obra de René Heyvaert (Gante, 1929 - Scheldewindeke, 1984) é sobria, sinxela e á vez extraordinariamente complexa, ligada tanto ás vangardas históricas como ás súas propias circunstancias vitais. Reflicte a mirada dun artista experimental que tentou buscar, no clima que deixou a posguerra mundial, unha saída humana na que arte e vida se reconcilian propiciando una certa idea visionaria dunha *utopía humilde*. Falecido prematuramente á idade de 55 anos, exerceu unha intensa influencia en sucesivas xeracións de artistas do seu país, Bélxica, e é, por outra banda, un artista actualmente en fase de descubrimento e reconsideración.

Na súa breve dedicación á arquitectura, entre Bélxica e os Estados Unidos, con construcións de vivendas modernas e simples, aplicou uns principios que definirán toda a súa obra artística. Esta desenvólvese de maneira consistente desde principios dos anos setenta experimentando con formas e materiais, apropiándose de elementos naturais como ramas e troncos que manipula e reconfigura en varas ou tótems, pero tamén utilizando elementos do cotián como papel pintado, caixas de mistos, latas de conserva ou paquetes de cereais. Os seus debuxos en papeis pautados e milimetrados constitúen conxuntos moi sólidos sobre as posibilidades da seriación e a variación. As

súas pezas de arte postal (máis de 200 *tarxetas* enviadas a 40 destinatarios), realizadas en soportes recortados e obxectos, configuran un ámbito lúdico para o azar.

Esta exposición realizouse en colaboración co Museo M de Leuven (Bélxica). Ambas as mostras compartiron un mesmo núcleo constituído por unha selección de obras procedentes de coleccións públicas e privadas belgas, así como dos fondos do Estate René Heyvaert, depositados na galería Clearing (Bruxelas – Nova York).



ANGELA DE LA CRUZ. HOMELESS

COMISARIA: CAROLINA GRAU

ARTISTA: ANGELA DE LA CRUZ

22 FEBREIRO - 19 MAIO 2019

PLANTA PRIMEIRA

Angela de la Cruz (A Coruña, 1965) leva dúas décadas experimentando coa linguaxe da pintura. A artista tentou redefinir os termos e os límites do medio desde que comezou, centrándose na pintura como obxecto e en termos do que ela pode representar. De la Cruz desenvolveu unha linguaxe específica que lle permite dotar os seus cadros dunha calidade escultural, borrando os límites entre a pintura e a escultura, utilizando indistintamente cada unha delas segundo o que queira expresar e a necesidade de cada obra. Como ela mesma dixo, “é unha escultura que utiliza a linguaxe da pintura e viceversa. É unha pintura e unha escultura”.

Os mobles domésticos —cadeiras, mesas e armarios— estiveron presentes na súa obra, e nos últimos anos ampliou o seu vocabulario pictórico co uso do aluminio e a súa elasticidade. A súa linguaxe artística utiliza o humor nos seus títulos para presentarnos obras impactantes que combinan a tensión formal cunha presenza emocional máis profunda.

Esta exposición propuxo un percorrido polo traballo realizado entre os anos 1996 e 2018, creando asociacións entre obras das distintas épocas. Tomou o seu título dunha das primeiras obras que realizou a artista rompendo o bastidor, *Homeless* (Sen teito, 1996), que alude á condición da xente sen fogar que leva ao lombo as súas pertenzas e recordos. Xente que vemos ciclicamente na nosa sociedade, nestas décadas de tránsito global que estamos a vivir debido aos conflitos bélicos e a cuestións políticas, económicas, sociais e culturais.

A exposición foi coproducida polo CGAC e Azkuna Zentroa en Bilbao.



ÂNGELA FERREIRA. POUCO A POUCO

COMISARIO: BRUNO LEITÃO

ARTISTA: ÂNGELA FERREIRA

21 XUÑO - 6 OUTUBRO 2019

HALL E PLANTA PRIMEIRA

Desde o principio da súa investigación e da súa práctica artística, Ângela Ferreira (Maputo, Mozambique, 1958) traballou sempre co legado colonial de África e, nun sentido amplo, coas relacións entre Europa e o continente africano. Por unha parte, céntrase nos vestixios arquitectónicos do século XX, tan intimamente vinculados ao modernismo, e, por outra, nas promesas da arte e do cine como instrumentos de emancipación crítica para pensar e poñer en práctica renovadas utopías.

O título da exposición refírese á película de Jean Rouch *Petit a petit* (1971), que *Pouco a pouco*, contén un dos temas centrais da obra deste cineasta e constitúe, pola súa vez, o núcleo da obra de Ferreira: a confrontación de africanos con europeos ou, polo menos, a historia desa coexistencia.

Como pensadora das relacións entre Europa e África, Ferreira é unha voz forte —e en ocasións solitaria— que,

dentro do panorama artístico portugués, abordou a cuestión das utopías descolonizadoras e as súas promesas de emancipación. A partir das ideas de Homi Bhabha, Franz Fanon ou Amílcar Cabral, o seu traballo permítelle revisitar as prácticas internacionalistas que aspiraron a construír unha idea de nacionalidade descolonizada e repensar os fundamentos das patrias liberadas. O seu enfoque politizado, mais nunca panfletario, permite unha visión sen complexos, pero sofisticada, dos flaxelos da racialización, o extractivismo e a subalternización.

O conxunto de obras presentadas na exposición proporciona unha visión a través dos fitos da súa investigación artística, que reflicte a evolución do discurso estilístico e a vontade da artista, desde o inicio da súa carreira, de colocar a arte occidental en paralelo coa non occidental e tender pontes insospetadas entre a arte politizada dos construtivistas e a arte autónoma dos minimalistas norteamericanos, os proxectos fílmicos de Jean Rouch ou a entrada do debate das independencias na cultura pop a través da voz de Bob Dylan.

Fronte á monumentalización, Ângela Ferreira concibe o seu traballo como unha suma de pequenos actos e propostas que pouco a pouco lle permiten repensar os lugares comúns dunha relación entre pobos sobre a cal se funda todo o sistema de acumulación desde o protocapitalismo.

neoliberal, un tema de suma importancia no contexto da nosa cultura global que merece unha reflexión rigorosa desde a arte.

As tecnoloxías dixitais condúcennos cara a unha profunda e acelerada transformación do noso mundo. Os Rolling Stones reflectiron esta deriva precipitada da sociedade globalizada nunha das súas cancións: é a fe a que debería salvarnos das nosas temerarias decisións. Cruzar vinte semáforos en vermello sobre a única base da fe é precisamente a lóxica que subxace no actual modelo de finanzas. As finanzas son a tecnoloxía que determina as fronteiras da investigación, a innovación e o investimento e son, xa que logo, o ámbito apropiado, necesario e urxente para profundar nunha avaliación crítica da contemporaneidade, co fin de construír novos modelos económicos, políticos e sociais que poidan ser sustentables.



WE REFUGEES

COMISARIOS: PIEDAD SOLANS, SANTIAGO OLMO

ARTISTAS: PEGGY AHWESH, CAROLE ALFARAH, EUGENIO AMPUDIA, FRANCISCO DE GOYA, SUSO FANDIÑO, ÂNGELA FERREIRA, ROLAND FISCHER, MARCOS ÁVILA FORERO, REGINA JOSÉ GALINDO, MARIAM GHANI, ELNAZ JAWANI, ROGELIO LÓPEZ CUENCA Y ELO VEGA, ANTONI MUNTADAS, ADRIAN PACI, JESÚS PALOMINO, EL PERRO, ALEXANDRA RANNER, LARISSA SANSOUR, WAEL SHAWKY, CLAUDIO ZULIAN

28 XUÑO - 20 OUTUBRO 2019

PLANTA BAIXA E SOTO

Aínda que nos últimos anos as noticias televisivas e o periodismo catapultaron á primeira plana o fluxo de refuxiados como un problema, a historia do século XX está atravesada polo drama de conflitos e millóns de persoas desprazadas, exiliadas, expatriadas e refuxiadas. A propia historia da humanidade está construída desde o desprazamento forzoso, a fuxida e o asilo. Este proxecto retomou o título dun coñecido ensaio de Hannah Arendt



MAX DE ESTEBAN. 20 RED LIGHTS

COMISARIA: DIANA PADRÓN

ARTISTA: MAX DE ESTEBAN

28 XUÑO - 13 OUTUBRO 2019

DOBRE ESPAZO

O proxecto *20 Red Lights* é un ensaio político, que desvela as implicacións da financialización dixital da economía e a súa relación coa radicalización da axenda

publicado en 1943 en *Menorah Journal*, unha prestigiosa revista xudía de Nova York, co obxectivo de indicar e sinalar a universalidade do exilio e a construción de sociedades democráticas desde a protección do dereito de asilo.

A exposición resituou o problema dos refuxiados desde unha perspectiva complexa, evitando os elementos sensacionalistas da inmediatez periodística e apuntou a unha reflexión máis histórica que teña en conta o modo no que as nosas sociedades se construíron igualmente desde o exilio, co exilio e a través do exilio.



COLECTIVA DUN COLECTIVO

COMISARIADO: COLECTIVO NA VARANDA

ARTISTA: VARIOS

5 XULLO - 5 SETEMBRO 2019

ESPAZO DE PROXECTOS


Colectiva dun colectivo foi o resultado do proxecto *Na varanda*, un programa educativo e de creación cuxo obxectivo é o encontro, o diálogo e o achegamento entre o museo e a veciñanza de Santiago de Compostela. A cidadanía eríxese así nun axente máis dos procesos culturais da súa contorna creando contidos que xa forman parte da programación CGAC.

Esta mostra partiu dunha selección de obras da Colección CGAC elixidas polo colectivo Na Varanda e artellouse arredor de dous conceptos: o espello e a diferenza. Na cerna mesma do colectivo está a diferenza, xa que está formado por persoas procedentes de ámbitos laborais diversos, non especializadas no mundo da arte, que imprimen unha visión peculiar sobre aquilo que as pezas artísticas poden reflectir. Cada unha de nós implica unha forma de ver, confrontando e compartindo olladas (re) inventamos o noso propio xeito de ver e de mirar.

Nun mundo en continua transformación temos que tomar

partido por algún dos múltiples e fragmentados reflexos que fan que nos movamos sen mapa no labirinto. A diferenza, como transmisora da tensión xerada entre a esencia irracional do ser humano e as súas pautas sociais, chéganos a través de distintos soportes (medios de comunicación, publicidade, arte, redes sociais...), por ser un espello/reflexo da complicidade irónica co sistema. A percepción das pezas desde puntos de vista diferentes modifica tanto o obxecto artístico como o proceso de creación en por si. Nós, como colectivo e como público, formamos parte dunha sociedade cunha serie de normas e a arte abre a visión das nosas realidades subxectivas e efémeras.

O espello como obxecto mediador do (auto) coñecemento permítenos vérmonos como individuos e, así mesmo, ver e sentir as distintas visións da realidade. Semella complexo harmonizar tan diferentes reflexos dun mesmo. Preguntámonos se eses reflexos son a realidade ou unha realidade diferente, ilusoria e paralela. O mundo das imaxes reflectidas fala de nós, coma se estas nos devolvesen interrogantes.



CHRISTIAN VILLAMIDE. IN LANDSCAPE MODE

COMISARIA: PAULA CABALEIRO

ARTISTA: CHRISTIAN VILLAMIDE

27 SETEMBRO 2019 - 23 FEBREIRO 2020

ESPAZO DE PROXECTOS

Christian Villamide (Lugo, 1966) reflexiona nesta mostra acerca desa distancia que as persoas adoitamos tomar fronte ao territorio que habitamos para poñer o foco sobre a forza e a violencia coa que sometemos a natureza.

Sabemos que o termo *paisaxe* é unha construción cultural que parte daquilo que vemos ao contemplar un

territorio. O artista fala da paisaxe actual desde a escultura e a instalación, visibilizando escenarios ou non-lugares que chegamos a ocultar como sociedade. Fala “do que tamén é paisaxe” nesa tensión entre a forza da natureza, en continuo cambio, e a súa relación co ser humano. Pon de relevo o conflito no que a economía capitalista está a someter a natureza e o coñecemento en prol da especulación, inducendo e connotando un mundo de pobreza e destrución enerxética e ecolóxica. Destapa elementos naturais agochados (e afogados) baixo o efecto do ser humano, ironiza sobre aqueles espazos naturais case prefabricados, acoutados, que semellan un ornamento inmejorable nas novas cidades etiquetadas como sustentables. Reflexiona tamén sobre as novas tendencias completamente artificiais, nas que “vivir unha experiencia única na natureza” se torna nunha clase de peregrinación de masas na procura da mellor instantánea. Christian Villamide fai unha chamada á autocrítica. Que está nas nosas mans para non sermos cómplices deste sistema opresivo cara á natureza?

Desde unha linguaxe plástica e visual multidisciplinar, Villamide evoca e provoca, nunha perfecta simbiose entre ética e estética, nesa acción de *contemplar*, tan propia do Romanticismo, na procura do sublime; pero desde un punto de vista analítico, partindo nesas derivas case situacionistas, nas que camiñar, como práctica estética, xa constitúe unha forma de construír paisaxe. Materiais naturais, mesmo orgánicos, mestúranse con elementos industriais, que oprímen, condicionan ou dirixen, nunha reflexión sobre a acción ineludible do home. E, permeable a toda a historia da *land art*, Christian Villamide tamén intervéñe na propia natureza; cada obra rexistra así a pegada dun percorrido, dun exercicio físico, mental e intelectual na natureza, dunha inmersión crítica e estética na paisaxe para coñecer e recoñecer, para crear efecto desde o afecto.

CABRITA. WORK (ALWAYS) IN PROGRESS

COMISARIOS: SUSANA GONZÁLEZ, SANTIAGO OLMO

ARTISTA: PEDRO CABRITA REIS

15 NOVEMBRO 2019 - 2 FEBREIRO 2020

O proxecto expositivo *WORK (always) IN PROGRESS* formula un discurso secuencial que permite abordar os principais aspectos do traballo de Pedro Cabrita Reis (Lisboa, 1956) a través de series representativas como *Compounds*, *Favorite Places* ou *True Gardens* nun arco

temporal que percorre tres décadas. A mostra articúlase por medio dunha trintena de obras que ocupan o vestíbulo e as plantas baixa e primeira do CGAC, xunto con intervencións *site specific* no exterior do edificio. As obras reunidas dan conta da súa extensa produción artística, que evidencia o potencial dialéctico do seu traballo, entre referencias



a principios construtivistas e procesuais, cuestións formais minimalistas e o uso prominente do obxecto preexistente.

O sentido da obra de Cabrita Reis, implícito no título da mostra, é o resultado da súa particular mirada, nunha permanente reflexión plástica e filosófica. Cabrita practica un modo de pensamento que se atopa entre as premisas ontolóxicas e as formulacións empíricas, relacionado con aquilo que non resulta tan evidente e que alude á existencia, ao substancial da natureza do ser. A base do seu traballo sitúase na reflexión antropolóxica sobre o comportamento social a través do espazo e do tempo. Pero, lonxe da perspectiva científica da análise sociolóxica, o método de Cabrita baséase na capacidade de concibir o mundo de maneira simbólica. Para iso utiliza unha engrenaxe conceptual ligada ás ideas filosóficas de transitoriedade, existencia e memoria, reflexionando sobre o esencial desde a evidencia da finitude da vida.

Pedro Cabrita Reis propón unha formulación construtiva de hibridación de técnicas e de utilización de múltiples materiais industriais e en desuso, que conforman a obra por superposición, xustaposición, repetición ou axuste. Atópase entre os artistas que teñen como punto en común a reflexión sobre a escultura a través da construción con materiais e formas asociadas ao ámbito arquitectónico. Con todo, o seu traballo expón unha particular visión do elemento construtivo, desde a exploración de territorios metafísicos que se liberan de calquera tipo de dependencia ou subordinación política ou social propia desta disciplina. Pedro Cabrita Reis non pretende emitir diagnósticos da sociedade senón interpretala a través dun proceso creativo que transforma o vello en novo, sobre a base do anterior.

A súa intención é sempre a progresión en liña ascendente, un *WORK (always) IN PROGRESS*, desde unha postura melancólica de autoconciencia sobre a posición do home fronte á natureza.



JESÚS MADRIÑÁN. I AM LIGHT

COMISARIO: SANTIAGO OLMO

ARTISTA: JESÚS MADRIÑÁN

22 NOVEMBRO 2019 - 1 MARZO 2020

Jesús Madriñán (Santiago de Compostela, 1984) é unha das miradas fotográficas máis incisivas do panorama actual. A súa obra centrouse fundamentalmente nunha reinterpretación do retrato entendido como un elo intermedio entre o xénero psicolóxico e o arquivo de tipoloxías. As súas diversas series abordaron aspectos da noite festeira en grandes cidades europeas (*Good Night London*, 2011, ou *Dopo Roma*, 2016) ou no medio rural (*Boas noites*, 2013). A súa maneira de traballar é moi minuciosa e precisa, utiliza a cámara de gran formato e a película analóxica, o que fai máis complexo un traballo que se asocia á rapidez da reportaxe.

Este proxecto, froito da colaboración entre Xacobeo e CGAC, formúlase como unha renovación e actualización da mirada sobre a realidade do Camiño de Santiago e os seus peregrinos.

ACTIVIDADES 2019

TALLERES PARA FAMILIAS. PASAPORTE CONTEMPORÁNEO

DO 19 DE XANEIRO AO 19 DE MAIO DE 2019

Unha actividade desenvolvida polas educadoras Candela Rajal e Rebeca Mariño na que as familias con nenos e nenas de entre 4 e 9 anos puideron participar a terceira fin de semana de cada mes para gozar e afondar, entre pequenos e adultos, na creación e nos procesos da arte contemporánea.

Este ano fixemos unha viaxe fantástica ao redor do mundo en varias etapas partindo do extremo oriente e facendo a nosa primeira parada en Xapón. A través das obras de diferentes artistas xaponeses indagamos na cultura nipona desde unha visión contemporánea e exploraremos ideas, formatos, discursos e recursos artísticos mediante o xogo e a creación.

Nesta ocasión eliximos a paisaxe xaponesa para descubrir espazos cheos de posibilidades para a imaxinación nos seguintes bloques temáticos: *Paisaxes cotiás*. Koki Tanaka, *Paisaxes reflectidas*. Yayoi Kusama, *Paisaxes futuras*. Mariko Mori, *Paisaxes sonoras*. Yosi Horikawa.

PARTICIPANTES: 80

TALLERES EXPERIMENTAIS DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA MIES É +

DO 27 DE OUTUBRO DE 2018 AO 26 DE MAIO DE 2019

O CGAC presentou a cuarta edición deste ciclo de talleres dedicado á arquitectura contemporánea para o público infantil. Este ano, ademais, pechamos o programa cun taller dirixido ás familias.

Os talleres, que tiveron lugar a última fin de semana de cada mes, desenvolvéronse baixo a dirección do arquitecto Fermín Blanco co apoio do equipo didáctico do Sistema Lupo. O seu obxectivo é proporcionarlles aos nenos e nenas as ferramentas e as claves necesarias para interpretar a arquitectura do noso tempo a través das teorías, os proxectos e os traballos dos arquitectos e arquitectas máis importantes dos últimos tempos.

O Sistema Lupo está constituído por unha serie de pezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporcións, xogos de equilibrio e estratexias de acción. A dinámica que se propón fomenta a



reflexión e a creatividade individuais, así como o traballo en equipo a través do xogo e a construción a grande escala. A metodoloxía inclúe unha parte teórica, onde se expón o pensamento e a obra de cada arquitecto ou arquitecta, e unha serie de retos construtivos.

Dentro do programa tiveron lugar os seguintes bloques temáticos: *Louis Kahn. O espírito do ladrillo*, *Charlotte Perriand. A beleza do útil*. Norman Foster. *Anticipar o futuro*, *Toyo Ito. Aprendendo da natureza*, *Konstantinova Komarova. Cafra o futuro sen parar!* *Optimismo constructivista*, *Félix Candela. Esqueletos eficientes* e o taller especial para familias *Burle Marx e Lota de Macedo Soares. Sentir a paisaxe*.

PARTICIPANTES: 108

TALLERES DE LECER

DO 2 AO 19 DE XULLO DE 2019

Durante o verán o CGAC ofreceu diferentes talleres creativos realizados polas educadoras Candela Rajal e Lara Torres para nenos e nenas de idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos. Os rapaces e rapazas que participaron nestes talleres de lecer puideron experimentar e coñecer algunhas das claves da arte contemporánea, adquirir ferramentas para a creación, estratexias artísticas, reflexionar sobre a arte e, sobre todo, gozar co proceso.

Tiveron lugar os talleres plásticos *Planeta invisible*, *Viaxe africana* e *Saír a flote*, vinculados a exposición *Pouco a pouco*, de Ângela Ferreira, e á mostra colectiva *We Refugees*. Creamos esculturas, instalacións e traxes, intervimos a natureza e pintamos sobre a paisaxe. Internámonos na arte postal e na cartografía desde unha óptica creativa e enfrontámonos a novos mundos nos que refuxiarnos. Empregamos como marco diferentes espazos da arquitectura de Álvaro Siza Vieira e da súa



contorna, como a cuberta do edificio ou os xardíns do parque de Bonaval.

PARTICIPANTES: 55

TALLERES DE NADAL

DO 21 AO 22 DE DECEMBRO DE 2019

Este nadal realizamos catro talleres dirixidos pola educadora Rebeca Mariño baixo o título de *Son eu? e Viaxe espacial*, arredor de dúas das exposicións que tiñamos en curso. Achegámonos á arte contemporánea desde o lecer mergullándonos nos procesos creativos a través das múltiples linguaxes, soportes, materiais, técnicas e conceptos da arte máis actual.

Visitamos a mostra do artista Jesús Madiñán, que trasladaron ao museo a súa experiencia no Camiño de Santiago a través dos retratos das xentes que foi atopando durante a viaxe. Estes retratos servíronnos para desenvolver un taller didáctico sobre as múltiples posibilidades deste xénero.

Ademais paseamos xunto ás obras do artista Pedro Cabrita Reis para gozar dos seus obxectos atopados, da idea da construción a partir da destrución e das súas intervencións no espazo.

PARTICIPANTES: 70

CURSO CINE ¡DISIDENTES! CINE E OUTRAS SUBLEVACIÓNS COTIÁS

DO 2 DE OUTUBRO AO 11 DE DECEMBRO DE 2019

Neste curso dirixido polo crítico José Manuel López e orientado a todas as persoas interesadas na historia do cinema centrámonos nas íntimas insurreccións, nos pequenos xestos contestatarios, nas sublevacións duns

corpos en guerra silenciosa: os privados de liberdade, os individualistas, os migrantes, os tolos, os malditos, os apátridas do celuloide...

Un ciclo de dez sesións dedicado a cineastas ou a persoas cinematográficas disidentes coma Sidney Lumet, Robin Swicord, Béla Tarr, Jaime Chávarri, John Carpenter, Agnès Varda, os irmáns Marx, As margaridas de Věra Chytilová, o Kaspar Hauser de Werner Herzog, ou a Adam Curtis.

PARTICIPANTES: 105

CURSO DE HISTORIA DA ARTE QUEN TEME A ARTE CONTEMPORÁNEA?

DO 9 DE XANEIRO AO 13 DE MARZO DE 2019

Un curso dirixido polo artista e profesor Suso Fandiño para o achegamento á arte contemporánea. Fandiño propuxo nova escenografía rica en excepcións posibles e relacións improbables. Analizou os diferentes comportamentos artísticos como elementos hábiles na tarefa de producir significación desde a interpretación da contorna económica, social e política como coxeradora de contidos.

O curso estruturouse en dez sesións: *A invención da arte?*, *Algúns impactos da historia de arte sobre a propia arte*, *Naturezas, categorías e tipoloxías das vangardas*, *A retórica do monumento e o obxecto. De Willendorf a R. Mutt*, *O manierismo expresionista. O Pathos*, *A síntese idealizada. O Ethos*, *A dexeneración do xénero. A desaparición da arte*, *A imaxe como reflexo. A cultura popular*, *A imaxe funcionalizada. Arte e poder. Arte e relato mesiánico e A arte morreu... Viva a arte!*

PARTICIPANTES: 104

CURSO HISTORIA DA ARQUITECTURA INTRAHISTORIAS DA ARQUITECTURA

DO 20 DE MARZO AO 5 DE XUÑO DE 2019

Nesta primeira edición dirixida polo arquitecto Fermín Blanco expuxéronse unha serie de temas claves para interpretar a realidade arquitectónica que nos rodea. Fíxose un percorrido polas diferentes escalas da disciplina, as súas relacións coa sociedade, a técnica, os efectos dos movementos sociais, o xénero, o patrimonio, a autoconstrución, as modas, o fenómeno do arquitecto estrela, a estética, as relacións entre disciplinas, os dogmas, a construción, a educación, o bío, o eco, a investigación, o territorio e por suposto falaremos de política.

O curso constituíuse en dez sesións cun taller práctico de construción: *Como dicíamos onte...*, *Coñecemento compartido, aprendendo da tradición. Leccións colectivas sen mestre, Arquitectura con acento. A arquitectura do material. Preguntádelle ao ladrillo o que quere ser, O refuxio, reflexións sobre o espazo mínimo. Da cabana de Thoreau aos mini pisos da ministra, Cando os traballos comunitarios non son un castigo. Facenderas, A arquitectura educa. Sobre a educación e os seus espazos, Vivir a arquitectura. Visita, xornada experiencial, Integración das artes; casos de estudo en clave optimista, A miña estética é a miña ética. Por que lle chaman feísmo?*

PARTICIPANTES: 129

CURSO DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA ARTE NA AULA

DO 1 DE FEBREIRO AO 16 DE NOVEMBRO DE 2019

En 2019 reeditamos este ciclo de cursos prácticos dirixidos pola profesora e historiadora da arte Gael Zamora Lacasta para docentes que presenta a arte contemporánea como ferramenta de aprendizaxe na aula.

O programa estruturouse ao redor de tres eixes de gran presenza na educación formal (as matemáticas, a narración e o coñecemento do contorno natural) e deseñouse para explorar os límites entre áreas de coñecemento e convidar os educadores e educadoras a experimentar e aprender antes de levar as súas propostas á aula.

A través dunha metodoloxía dinámica e participativa alternáronse visitas ás salas do CGAC e o seu contorno próximo, proxeccións de imaxes, sesións de observación, reflexión e debate, talleres de creación e elaboración de propostas didácticas.

Os bloques temáticos foron os seguintes: *Matemáticas con arte, Imaxes que contan historias e Arte e ecoloxía.*

PARTICIPANTES: 61

FILOCAFÉ

DO 7 DE OUTUBRO DE 2018 AO 7 DE ABRIL DE 2019

Coa chegada do outono estreamos unha nova edición do *Filocafé* no CGAC, coa colaboración da Asociación Galega da Crítica. A cita tivo lugar o primeiro domingo de cada mes na Cantina do CGAC.

Os filocafés son conversas públicas nas que poden participar todas as persoas interesadas en intercambiar inquietudes ou puntos de vista desde calquera área ou

nivel de coñecemento. A fórmula que propoñemos nos filocafés consiste en retirar dos almacéns unha obra de arte da Colección CGAC co fin de que esta sirva de acompañamento á conversa e propicie un debate ao seu redor. A peza elixida emprégase como punto de partida. Con todo, non só falamos de arte senón tamén doutros asuntos que nos suxeriron as obras no nivel temático, conceptual, formal ou anecdótico. Falamos de ciencia, gastronomía, política, música, cine, estética, actualidade... cousas mundanas ou elevadas, de xeito que todas as persoas participantes puideron opinar e achegar as súas reflexións sobre os temas que xurdiron de xeito espontáneo mentres gozaban dun café.

As sesións estiveron dirixidas por profesionais de diversas disciplinas como Encarna Otero (historiadora e política), Nicasio Gradaílle (músico e profesor), Román Padín (especialista en museos e moda), Gena Baamonde (creadora e directora escénica) e Emma Pedreira (narradora e poeta).

PARTICIPANTES: 169

NA VARANDA. PROXECTO COS BARRIOS

DO 23 DE NOVEMBRO DE 2018 AO 22 DE FEBREIRO DE 2019

Na varanda foi un programa educativo e de creación dirixido polas educadoras Candela Rajal e Rebeca Mariño cuxo obxectivo foi o encontro, o diálogo e o achegamento entre o museo e a veciñanza de Santiago de Compostela.

Unha proposta na que o público realizou a súa propia exposición de arte contemporánea empregando as obras dos fondos da Colección CGAC. As persoas participantes puideron coñecer de primeira man todo o proceso, as fases e os aspectos que agocha unha mostra artística.

O proxecto estruturouse nunha serie de talleres nos que mostramos as claves da arte contemporánea e o traballo dos seus protagonistas. O CGAC actuou como unha plataforma onde lles dar sentido ás narrativas persoais ou de cada colectivo creando un espazo común entre a comunidade e o patrimonio. Visibilizamos novos discursos que permitiron establecer conexións entre a institución, o público e o contexto.

As persoas asistentes ao programa comisariaron a súa propia exposición con obras da Colección CGAC que, baixo o título *Colectiva dun colectivo*, pasou a formar parte da programación expositiva do CGAC.

PARTICIPANTES: 20



VISITAS GUIADAS DURANTE A FIN DE SEMANA

O SERVIZO ESTIVO DISPOÑIBLE DURANTE TODO O ANO.

Todos os sábados o público puido achegarse ao CGAC para gozar das mostras expositivas acompañado por mediadoras especializadas en arte. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

PARTICIPANTES: 613

VISITAS GUIADAS CON CITA PREVIA

DE XUÑO A SETEMBRO DE 2019

O CGAC ofrece visitas guiadas gratuítas ás súas exposicións temporais de martes a venres para todos os colectivos ou persoas que o desexen. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

No caso dos grupos escolares dos ciclos de educación infantil e de primaria, o persoal do Departamento de Actividades e Educación deseñou, ademais, talleres didácticos específicos para complementar a visita ás mostras artísticas.

PARTICIPANTES: 1.860

PROGRAMA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA PARA A INTEGRACIÓN DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL: AULA DIVERSA. ARTE, NATUREZA E ABSTRACCIÓN

28 DE NOVIEMBRE DE 2018 - 29 DE MAIO DE 2019

Trátase dun programa de educación artística dirixido a todos os públicos para a integración de persoas con

diversidade funcional. A educadora Adriana Pazos Ottón diseña e desenvolve unha proposta de experimentación con e desde a arte contemporánea como ferramenta de inclusión social.

Concibimos o museo como un lugar aberto ao encontro das diferenzas, exercendo a responsabilidade e o compromiso de establecer accións integradoras que creen puntos de encontro. O programa busca facilitar a todos e todas o acceso á experiencia museística abríndose á pluralidade de lecturas, á reflexión crítica e ao intercambio, aglutinando diferenzas intelectuais, sociais, ideolóxicas, educativas, culturais e emocionais a través de estratexias educativas e creativas. Un espazo de aprendizaxe inclusiva no que todo o mundo poida achegar os seus coñecementos e experiencias desde as súas perspectivas múltiples para xerar un foro físico, conceptual e social común.

As sesións están adaptadas ás necesidades específicas dos colectivos asistentes e combinarán visitas guiadas con talleres didácticos.

ASISTENTES: 90 PERSOAS

BERTA CÁCAMO. IN MEMORIAM

10 DE MAIO DE 2019

El CGAC organizou unha homenaxe a Berta Cacamó, unha das artistas plásticas galegas e españolas máis importantes da súa xeneración, Premio da Cultura Galega 2017.

A homenaxe consistiu nunha charla con Darío Basso, Carlota Álvarez Basso, Juan de Nieves, Juan Martínez de la Colina, Santiago Olmo e Anxo M. Lorenzo e a proxección do filme de Miquel Mont e Marie Cornu *Un recorrido con Berta 2017-2018*, sobre a artista e a súa obra,

ASISTENTES: 230

ARREDOR DA EXPOSICIÓN POUCO A POUCO, DE ÂNGELA FERREIRA. CICLO DE CINE DEDICADO AO DIRECTOR MANTHIA DIAWARA

19 E 20 DE XUÑO DE 2019

Como complemento á exposición da artista Ângela Ferreira, organizamos unha ciclo de cine dedicado ao cineasta e teórico cultural Manthia Diawara (Bamaco, Malí, 1953). Formado na República de Guinea e París, viaxa a Estados Unidos onde exerce como docente e desenvolve unha ampla obra fílmica e ensaística. Gran parte da súa investigación céntrase no estudo da cultura da diáspora africana.

Proxectáronse dúas películas:

Rouch in Reverse, 1995

A través dunha análise da vida e a obra do cineasta e etnógrafo Jean Rouch, esta película abre o debate sobre o estado da sociedade francoafricana contemporánea desde unha perspectiva africana. Supón, polas súas características técnicas, unha volta máis á reflexión sobre África desde a cinematografía.

Maison Tropicale, 2008

Documental de Manthia Diawara que explora a historia das *maisons tropicales* —casas coloniais *tropicais*— que se construíron en África occidental durante a última etapa da colonización francesas de África occidental. Manthia Diawara embárcase nunha viaxe para profundar na escura traxectoria histórica da tipoloxía da *maison tropicale* xunto coa artista portuguesa Ângela Ferreira. Os resultados desta investigación presentáronse en 2007 no pavillón portugués da Bienal de Venecia, cunha instalación tamén titulada *Maison tropicale*, cuxa maqueta a escala se poderá ver do 21 de xuño ao 29 de setembro na exposición *Pouco a pouco* no CGAC.

O ciclo rematou cun coloquio no que participaron Ângela Ferreira, artista; Bruno Leitão, comisario da exposición de Ângela Ferreira no CGAC; e Santiago Olmo, director do CGAC.

ASISTENTES: 32

ACTIVIDADES RELACIONADAS COA MÚSICA CONTEMPORÁNEA

20 ANOS LOST IN SOUND

15-16 FEBREIRO 2019

Compostela conversa é un ciclo cultural que se inicia en 2017 na cidade de Santiago de Compostela, co obxectivo de dar voz ao novo talento musical galego ao tempo que o conecta con artistas de outras disciplinas e xeografías, fomentando a reflexión sobre a escena actual. Nesta terceira edición, que se celebrou os días 15 e 16 de febreiro, o Concello de Compostela e o CGAC colaboraron para reivindicar os 20 anos da celebración do proxecto de *Lost in Sound* que Manuel Olveira comisariou no ano 1999 para o CGAC.

Deste xeito, o espazo protagonista para a celebración de *Compostela conversa: 20 años - Lost in Sound* non podía ser outro que o CGAC, o museo de arte contemporáneo de Galicia que logrou, ás portas do século XXI, abrir o museo á rúa e enchelo de novos públicos e artistas que



se preguntaban, en común, unha serie de cuestións que convén volver a poñer sobre o taboleiro.

Ao longo de dous días celebráronse concertos, sesións de Dj e mesas redondas nas que participaron Manuel Olveira, comisario do proxecto de 1999, e artistas como Viktor Flores, Montse Rego, Chiu Longina, Virgen María dj, Cocoute Chloe e LOWLIGHT, entre outros.

ASISTENTES: 650

RENÉ HEYVAERT E A MÚSICA CONTEMPORÁNEA GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX - FLORIAN VLASHI

7 DE MAIO DE 2019

René Heyvaert sempre se interesou pola música e nos seus últimos anos de vida (desde os anos sesenta ata 1984), que coinciden tamén coa súa etapa artística, moi especificamente pola música contemporánea. Tanto nas súas cartas e cadernos como nas conversas cos seus amigos comenta, cita e fala reiteradamente de Arnold Schönberg, Anton Webern, Milhaud, Fauré, Stockhausen, Mauricio Kagel, Vinko Globokar, John Cage, Steve Reich, Philip Glass ou Louis Demeester.

Neste concerto tratouse de ofrecer unha interpretación do diálogo que os seus traballos poden establecer con modelos de facer música paralelos á súa obra en canto a intereses e metodoloxías, que son, en definitiva, unha maneira de compartir un certo espírito dos tempos e un signo da súa capacidade de anticipación.

ASISTENCIA: 27 PERSOAS



PERFORMANCE E CONCERTO DE SELMA UAMUSSE

VENRES, 21 DE XUÑO DE 2019, 20:30 HORAS

Durante a inauguración da exposición da artista Ângela Ferreira *Pouco a pouco*, Selma Uamusse presentou unha performance na obra *Pau a pique (Wattle and Daub)*, 2016 e a continuación ofreceu un concerto.

Selma Uamusse, artista mozambiqueña, canta o seu propio mundo. A súa poderosa voz e a súa versatilidade brillan en diversos ámbitos: desde rock a *afrobeat*, pasando polo *gospel*, *soul* e jazz. Uamusse enriqueceu a súa viaxe con diferentes linguaxes, sempre consciente do poder transformador social e político da música.

ASISTENTES: 375

TERRITORIO DA IMAXINACIÓN

5-6 DE NOVEMBRO DE 2019

O Departamento de Música, fundado por Manuel Rodeiro entre 1994 e 1995, erixiuse en poucos anos nunha plataforma activa e nun modelo de xestión que conseguiu xuntar a innovación e a esixencia artística cun interese do público sen precedentes. En 2019 covidouse ao seu impulsor, Manuel Rodeiro, que coordinase unha serie de actividades para revivir en dúas intensas xornadas o espírito daquela aventura e renderlles unha homenaxe ás persoas que a fixeron posible.

Territorio da imaxinación trata de resumir desde o seu mesmo título unha aproximación á música que, máis alá de achegas técnicas ou conceptuais, ou de aspectos de apreciación sempre subxectivos, lles dedique unha ollada ás imaxes primordiais que, desde unha sensibilidade nova, forxaron a imaxe do son da música contemporánea. Seguindo o heterodoxo ideario que distinguiu o departamento, quíxose, vinte e cinco anos despois, darlles

unha volta ás innovacións conceptuais e aos formatos que caracterizaron algunhas daquelas iniciativas. Así, ideouse un programa de marcada vocación divulgativa, no que destacan dous ambiciosos concertos que transgreden de maneira sorprendente o marco de escoita do concerto tradicional. No primeiro deles tivemos o raro privilexio de escoitar a ambiciosa peza *Patterns in a Chromatic Field*, de Morton Feldman, unha das grandes obras mestras da música de cámara de finais do século XX. No segundo concerto, descartando unha simple repetición e calquera trazo de melancolía, volvemos reunir para a ocasión un novo Ensemble CGAC integrado por novos músicos formados baixo o ronsel do primeiro proxecto. Os integrantes desta formación ofreceron, nun intenso mosaico, fragmentos e pezas programadas naquela altura, aos que se quixo engadir a guinda dunha estrea absoluta do novo compositor Daniel Apodaka, como unha aposta do CGAC pola creación presente e futura.

Ademais destes concertos o programa completouse con dous concertos didácticos, unha mesa redonda e unha conferencia a cargo de Manel Rodeiro

ASISTENTES: 820

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

7-27 DE XUÑO DE 2019

As Xornadas de Música Contemporánea están organizadas polo Concello de Santiago, a USC, o Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña e o CGAC e contan coa colaboración da beca Fulbright, o New York Women Composers, a Universidade de Pennsylvania, o Conservatorio Teresa Berganza, a Escola de Altos Estudos Musicais, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago e Womarts.

Nesta edición as xornadas celebráronse baixo o subtítulo de *Diáspora*, xa que toda a programación xirou arredor de compositores e intérpretes que desenvolveron a súa carreira fóra do seu lugar de nacemento. Desde diferentes lugares del mundo chegaron as propostas máis vangardistas da música de culto conformando un programa de dez concertos, conferencias, coloquios e clases maxistras en diversos lugares da cidade.

No CGAC presentouse un concerto de Fukio Saxophonquartett.

Considerado un dos grupos con máis proxección en Europa, Fukio adícase á exploración da música de cámara para cuarteto de saxofóns.

ASISTENTES: 99

XORNADAS CIENTÍFICAS. NOVAS PROPOSTAS PARA A INVESTIGACIÓN EN ARTE E ESTÉTICA CONTEMPORÁNEAS

2-3 DE MAIO DE 2019

Os modelos discursivos aplicados á análise da arte van mudando ao mesmo tempo que as propias tendencias, coas achegas de investigadores que formulan novas propostas teóricas e metodolóxicas. Nestas xornadas tratamos de presentar algúns dos enfoques máis innovadores que se están a aplicar ao estudo do fenómeno artístico tanto desde a historia da arte como desde a estética.

Ademais de presentar e discutir as novas propostas teóricas, as xornadas tiveron outro obxectivo: favorecer o encontro entre investigadores e contribuír ao intercambio de ideas e ao fortalecemento dunha comunidade polo xeral moi atomizada. Participaron profesores e investigadores en etapa de doutoramento, vinculados coa Universidad Complutense de Madrid y la Universidad de Santiago de Compostela (grupos GI-1371 Teoría de la Literatura y Literatura Comparada, GI-1510 Historia del Arte, de la Arquitectura y del Urbanismo, y GI-1941 Historia del Cine).

Con esta colaboración, o Centro Galego de Arte Contemporánea reforza os seus vínculos coa universidade e pon de manifesto o seu compromiso e apoio ás investigacións sobre arte actual.

ASISTENTES: 14 PERSOAS EN CADA SESIÓN

SEMANA DOS MUSEOS. OS MUSEOS COMO EIXES CULTURAIS: O FUTURO DA TRADICIÓN

14-19 DE MAIO DE 2019

O 18 de maio, Día Internacional dos Museos, celebrouse o pasado ano baixo o lema "Os museos como eixes culturais: o futuro da tradición". Nesta edición, o ICOM (Consello Internacional de Museos) propuxo subliñar os novos papeis que desempeñan os museos como axentes activos nas súas comunidades. Con este fin e ao longo da semana, o CGAC programou as seguintes actividades:

- Cinema Fantástico con música en directo para escolares.
- Taller *O Museo do futuro*
- Programa de educación artística para a integración de persoas con diversidade funcional
- Programa de visitas guiadas á arquitectura do CGAC
- Visita guiadas ás exposicións

ASISTENTES: 1.231



IN OUR TIME: CONVERSA CON DAVID LAMELAS A PROPÓSITO DO SEU ÚLTIMO FILME E OUTRAS OBRAS AUDIOVISUAIS

4 DE XULLO DE 2019

David Lamelas é unha figura clave da arte conceptual e un dos grandes protagonistas da escena artística argentina na década dos sesenta. Desde os seus inicios, a súa obra distinguiuse por unha singular capacidade para adaptarse a distintos contextos, xa fosen artísticos, arquitectónicos ou xeográficos, en cidades como Londres, Bruxelas, París, Milán, Los Angeles, Nova York ou Berlín.

Nesta ocasión, o CGAC estreou en España a súa curtametraxe máis recente —*In Our Time* (2018)—, xunto a *The Dictator* (1978), unha obra satírica na que Lamelas se achega á política da época a través dunha análise crítica dos medios de comunicación.

In Our Time foi producida polo University Art Museum da Universidade de California en Long Beach, no marco do proxecto Pacific Standard Time: Los Angeles/Latin America, promovido polo Getty Research Institute dos Ángeles. Este filme incorpora temas recorrentes na obra de Lamelas como son a representación do tempo, a memoria e o amor; co recoñecido cadro de James Ensor *La entrada de Cristo en Bruselas en 1889* (1888), como pano de fondo. Ademais da proxección das películas tivo lugar unha conversación entre o artista, Pedro de Llano Neira (comisario e investigador) e Santiago Olmo (director do CGAC).

ASISTENTES: 59

IV EDICIÓN FESTIVAL *HerDanza* 2019

2-7 DE SETEMBRO DE 2019

O CGAC colaborou un ano máis co festival *HerDanza* que busca a dinamización e a promoción da danza contemporánea nalgúns dos espazos máis representativos e fermosos da cidade. *HerDanza* é unha proposta diferente dirixida a todos os públicos.

O festival desenvolveuse durante unha semana e ofrecen, diversas actividades arredor da danza contemporánea: talleres formativos, conversas con profesionais da danza, proxeccións e espectáculos de pequeno e mediano formato en rúas, claustros e espazos abertos de Santiago de Compostela.

O CGAC colaborou co Festival *HerDanza* na súa VI edición cunha residencia de creación, dirixida polo bailarín e coreógrafo Beбето Cidra.

ASISTENTES: 193

WOS FESTIVAL 2019

11-15 DE SETEMBRO DE 2019

WOS Festival x SON Estrella Galicia celébrase desde hai seis anos cada mes de setembro nunha dúcia de localizacións excepcionais da cidade de Santiago de Compostela, todas elas a pouca distancia da catedral, nun barrio histórico declarado Patrimonio da Humanidade. Os espazos inclúen dous museos, dous teatros, unha igrexa do século XVIII, edificios singulares como a Cidade da Cultura ou a Sede da Fundación SGAE, un mercado, dúas salas de concertos e unha sala de cinema independente entre outros lugares destinados a crear experiencias únicas para unha audiencia reducida. O evento supón un auténtico roteiro arquitectónico e turístico pola cidade, enfiada por un programa de propostas arredor do risco, a exploración, a arte contemporánea e dixital, o contraste



entre tradición e innovación, e o diálogo entre disciplinas. A programación deste ano incluíu arredor de medio centenar de actividades, repartidas ao longo de cinco días.

ASISTENTES: 240

CURTOCIRCUITO 2019

5 DE OUTUBRO DE 2019

Un ano máis o CGAC colaborou co festival internacional de cine Curtocircuíto na súa 16ª edición. O festival naceu en Santiago de Compostela no ano 2003 como unha iniciativa do concello da cidade coa intención de potenciar a creación cinematográfica no ámbito da curtametraxe.

No CGAC desenvolveuse un obradoiro con Fernando Franco titulado *Longa viaxe cara... algún lugar*, e o programa Canteiras.

SESIÓN ACADÉMICA USC

AGNES MOCSY. FÍSICA EN CONCERTO COAS ARTES

12 DE NOVIEMBRE DE 2019

Ágnes Mócsy, física teórica húngara-estadounidense e membro da American Physical Society, é profesora visitante no Departamento de Física da Universidade de Yale e catedrática no Instituto Pratt de Brooklyn, en Nova York.

Partindo da frecuente dicotomía arte-ciencia, nesta conferencia explorou a complexa e ás veces inesperada relación que comparten a física e as artes. Unha abordaxe elaborada desta conexión brinda oportunidades para novas e máis ricas formas narrativas sobre a ciencia, así como enfoques educativos pouco convencionais. Mediante a diversificación do pensamento, a intelixencia e a creatividade, a unión física-arte pode romper os estereotipos e permitir un compromiso máis amplo coa ciencia, ademais de inspirar a diferentes estudantes a interesarse na física e ser unha experiencia aleccionadora para a comunidade científica.

Esta conferencia, promovida polo Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), formou parte das actividades organizadas na II Semana da Ciencia e do programa ArtLAB.

ASISTENTES: 45 PERSOAS

ACTIVIDADES VINCULADAS Á EXPOSICIÓN *WE REFUGEES*

Como parte esencial do proxecto *We Refugees*, desenvolveronse diversos espazos de discusión e debate, así como un completo programa de actividades que

comezou no mes de xuño con senllos seminarios, dirixidos por Matías G. Rodríguez-Mouriño e Santiago Olmo, e centrados respectivamente nas manifestacións musicais e literarias do exilio e os refuxiados.

Nos meses de setembro e outubro démoslles voz a algúns dos artistas participantes na exposición a través de diversas actividades como un taller dirixido por Elo Vega e Rogelio López Cuenca, unha conversación de Carole Alfarah co co-comisario da exposición Santiago Olmo, unha conferencia de Claudio Zulian e unha *performance* de Jesús Palomino. Doutra banda, abordáronse tamén aspectos específicos da experiencia dos refuxiados a través da mirada crítica de especialistas ou estudosos como a co-comisaria da exposición Piedad Solans, o crítico e historiador Manuel García, experto no exilio republicano español, e o catedrático de Historia Contemporánea da USC, Lorenzo Fernández Prieto.

SEMINARIOS

Experiencias de lecturas. O exilio na memoria literaria do século XX

3, 10 E 17 DE XUÑO DE 2019

Dirixido e impartido por Santiago Olmo, director do CGAC e co-comisario da exposición *We Refugees* con Piedad Solans

ASISTENTES: 16

Música e persoas refuxiadas: identidade, oído colonial e enunciación colectiva

4-6 DE XUÑO DE 2019

Dirixido e impartido por Matías G. Rodríguez-Mouriño, investigador da USC e documentalista da exposición *We Refugees*

ASISTENTES: 8 PERSOAS

De los ensacados de Goya á configuración espacial do campo unha cartografía do espazo residual

9-10 DE OUTUBRO DE 2019

Dirixido e impartido por Piedad Solans, e co-comisaria da exposición *We Refugees* con Santiago Olmo, director do CGAC

ASISTENTES: 16

ESPAZOS DE DEBATE:

- Conversa entre Elo Vega e Rogelio López Cuenca
- Conversa entre Carole Alfarah e Santiago Olmo

- Conferencia do artista Claudio Zulian
- Conferencia de Manuel García *Tres artistas del exilio: Max Aub, Felix Candela y Josep Renau*, seguida dun coloquio con Manuel García e Lorenzo Fernández Prieto

ASISTENTES: 29

PERFORMANCE

3 DE OUTUBRO DE 2019

Voz e (in)diferencia, presentación, e READING_State of Siege, performance do artista Jesús Palomino

ASISTENTES: 4

TALLER DE ARTISTA ELO VEGA E ROGELIO LÓPEZ CUENCA

30 DE SETEMBRO AO 2 DE OUTUBRO DE 2019

O taller de artista concibido por Elo Vega e Rogelio López Cuenca para o CGAC consistiu nunha relectura crítica do xeito en que se pode construír a percepción do fenómeno migratorio a partir das prácticas artísticas contemporáneas. A través dunha serie de casos concretos, os artistas analizaron diversas estratexias aplicadas en proxectos de intervención artística relacionados co tema da exposición *We Refugees*.

Elo Vega (Huelva, 1967) e Rogelio López Cuenca (Nerja, 1959). Artistas visuais e investigadores, traballan conxuntamente desde 2005 en proxectos de investigación e creación, traballos artísticos que son, asemade, dispositivos de crítica da cultura como instrumento político. Os seus proxectos, definidos por un marcado carácter procesual, aspiran á súa posible disolución en procesos de máis longo percorrido e desbordan o campo das prácticas artísticas para expandirse noutras direccións, noutros territorios e con outros usos.

ASISTENTES: 4

IV CONGRESO DE ARTE DE ACCIÓN. FUGAS E INTERFERENCIAS

28-30 DE NOVIEMBRE DE 2019

A compoñente teórica das propostas dos artistas participantes neste ciclo foi reflexionar sobre como non se relacionar co outro ou a outra é dicir, que as persoas aprenden a interactuar coa xente e, sobre todo, co medio ambiente.

Nesta cuarta edición de *Fugas e interferencias*, o ciclo de acción ten lugar en dúas cidades: Pontevedra e

Santiago de Compostela. A cidade de Pontevedra acolleu a actuación da sesión levada a cabo por estudantes de grao da facultade de Belas Artes pola Universidade de Vigo. Tal como nos anos anteriores o corredor do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) foi de novo un excelente colector para a arte de *performance*.

Ademais da presentación destas *performances*, Juan Vicente Aliaga e Jorge Luis Marzo, impartiron senllas conferencias, e varios investigadores e investigadoras presentaron comunicacións sobre a materia.

ACTIVIDADES DO CGAC EN CULTURAL 2019

O CGAC participou na Feira Cultural con diversas actividades.

TALLER DE ARQUITECTURA PARA PÚBLICO INFANTIL CIDADE CONTEMPORÁNEA

30 DE NOVIEMBRE DE 2019

Neste obradoiro construímos unha cidade do noso tempo. Os nenos e nenas de entre 6 e 11 deseñaron unha urbe sostible. Decidiron qué edificios querían incluír na súa comunidade, o tipo de transporte axeitado para minimizar emisións contaminantes, a demarcación de zonas verdes, a zona de tratamento de residuos... Achegáronse ao concepto de bioarquitectura tendo en conta os recursos naturais como elementos xeradores de enerxía. Tiveron en conta a orientación dos edificios en relación ao sol, levantaron muíños de vento para aproveitar a enerxía eólica, instalaron pías nas cubertas dos edificios para recoller a auga da chuvia e fixeron hortas nas azoteas para manter a temperatura das casas. Empregaron o Sistema Lupo e material reciclado para crear unha cidade contemporánea fantástica.

PARTICIPANTES: 12

ACCIÓN DE QUICO CADAVAL CONVERSATORIO. QUICO CADAVAL. MEDIDAS VARIABLES

1 DE DICIEMBRE DE 2019

O CGAC programou unha acción do dramaturgo, actor e monologuista Quico Cadaval. Unha *performance* na que o público puido sentarse falar co artista cunha serie de condicións que enumeramos a continuación: "1 / O falador dedicará 9 minutos a cada cliente ou clienta 2/ O cliente ou clienta decide canto tempo usará cada un para falar 3/ O cliente ou clienta pode confesar, interrogar, divagar, polemizar... sobre calquera asunto, ocorrencia ou

peripecia 4/O falador non está obrigado a dominar o tema proposto, pero conversará igualmente 5/ O falador comprométese a non difundir o que se fale, en cambio o cliente ou clienta é libre de contar o que queira 6/ A peza contará coa presenza dunha vendedora de tempo. As persoas interesadas poderán mercar minutos a cambio dunha moeda de cobre."

PARTICIPANTES: 25

AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DOS ESPAZOS DO CGAC EN 2019

11 DE FEBREIRO

Reunión da Consellería de Cultura e Turismo. Recepción. Asistentes: 25

16 DE FEBREIRO

Presentación dun libro de Edicións Fervenza. Auditorio. Asistentes: 200

20 DE MARZO

Acto da Consellería de Cultura e Turismo: presentación ley de Museos. Sala planta baixa. Asistentes: 40

30 DE MARZO

Reunión do Museo do Pobo Galego. Cafetería. Asistentes: 15

12 DE ABRIL

Acto da Consellería de Educación: Premios extraordinarios ESO. Auditorio. Asistentes: 200

3 DE MAIO

Entrega premios X Concurso "Deseña unha xoia para a túa nai". Auditorio. Asistentes: 260

11 DE MAIO

Conferencia da Asociación Altas Capacidades de Galicia. Auditorio. Asistentes: 200

2 DE XUÑO

Camiños sonoros: xuntanza de formación músicos. Auditorio. Asistentes: 100

8 DE XUÑO

Asemblea da Asociación de Xornalistas Galegas. Sala de xuntas. Asistentes: 25

22 DE XUÑO

Acto da Consellería de Educación: Premios excelencia académica en centros concertados. Auditorio. Asistentes: 250

24 DE XUÑO

Proxección do documental Noite irisada (petición do Concello de Santiago). Auditorio. Asistentes: 70

27 DE XUÑO

Presentación da nova edición da guía Monumenta 2019 (acto da Dirección Xeral de Políticas Culturais). Terraza. Asistentes: 15

28 DE XUÑO

Clausura do XIII Seminario Estatal de Participación e Cidadanía Inclusiva (acto da Dirección Xeral de Inclusión Social). Auditorio. Asistentes: 200

25 E 26 DE SETEMBRO

Colaboración da EASD MESTRE MATEO - DIDAC. Auditorio. Asistentes: 280 cada xornada

1 DE OUTUBRO

CURTOCIRCUÍTO: Canteiras. Encontro de colexios. Auditorio. Asistentes: 50

1 DE OUTUBRO

Presentación da VII Edición Premio Galicia de Fotografía Contemporánea. Biblioteca. Asistentes: 10

4 DE OUTUBRO

Presentación da primeira edición dos Premios Galicia de Turismo (acto do Clúster de Turismo de Galicia). Doble espazo e cafetería. Asistentes: 50

5 E 6 DE OUTUBRO

CURTOCIRCUÍTO: Obradoiro de ECAM. Taller SP. Asistentes: 30 cada xornada

22 DE OUTUBRO

Xornada anual da Federación Autismo Galicia: Cultura e autismo. Auditorio. Asistentes: 100

25 DE OUTUBRO

Xornada formativa da EASD Mestre Mateo. Auditorio. Asistentes: 150

5 DE DECEMBRO

Acto da Dirección Xeral de Xuventude. Auditorio. Asistentes: 50

14 DE DECEMBRO

Acto da Real Academia Galega de Belas Artes. Auditorio. Asistentes: 150


17 DE DECEMBRO

Entrega de premios del concurso Santiago é tapas. Auditorio e cafetería. Asistentes: 150

20 DECEMBRO

Acto do Xacobeo 2021: Catar o Camiño. Cafetería. Asistentes: 80

PUBLICACIÓNS 2019



ANGELA DE LA CRUZ. HOMELESS

COLECCIÓN: CGAC_SINGULAR

AUTORES: SANTIAGO B. OIMO, CAROLINA GRAU, ANGELA DE LA CRUZ, THOMAS FRANGENBERG, MASSIMILIANO GIONI

158 PP.; 20 X 27 CM; COLOR; RÚSTICA

LINGUAS DE EDICIÓN: GALEGO-CASTELÁN-INGLÉS

TIPO DE PUBLICACIÓN: CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN; VENAL

DESCRICIÓN:

Ao longo dos seus xa máis de vinte anos de carreira artística Angela de la Cruz (A Coruña, 1965) experimentou coa linguaxe da pintura. A artista intentou redefinir os límites do medio desde que comezou, centrándose na pintura como obxecto e en termos do que ela pode representar.

De la Cruz desenvolveu unha linguaxe específica que lles confire aos seus cadros unha calidade escultural, esborrallando os límites entre a pintura e a escultura, empregando indistintamente cada unha delas segundo o que queira expresar en cada momento.

Homeless é o catálogo da súa primeira mostra retrospectiva en España, organizada conxuntamente por Azkuna Zentroa (Bilbao) e o Centro Galego de Arte Contemporánea.



LORETO MARTÍNEZ TRONCOSO

VESTIGES D'UN ICI, VESTIXIOS DE SI

COLECCIÓN: CGAC_CREACIÓN

254 PP.; 21 X 29,5 CM; COLOR; RÚSTICA


AUTORES: CHUS MARTÍNEZ, SANTIAGO B. OIMO, PEDRO DE LLANO NEIRA, JULIE PELLEGRIN, IGNACIO BARCIA

LINGUAS DE EDICIÓN: GALEGO-CASTELÁN-FRANCÉS

TIPO DE PUBLICACIÓN: CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN; VENAL

DESCRICIÓN:

Vestigis d'un ici, vestixios de si é un dispositivo aberto e complexo onde conflúen experiencias iniciáticas, instantes privilegiados, colaboracións e reflexións críticas acerca do acontecido no transcurso da exposición homónima de Loreto Martínez Troncoso (Vigo, 1978) no CGAC. A través da palabra e a imaxe, propíciense momentos íntimos, instantes poéticos que permiten expresar todo aquilo que non pode ser dito, furgar nos recunchos, nas entrañas, nos vestixios dun aquí...



JESÚS MADRIÑÁN. I AM LIGHT

COLECCIÓN: CGAC_SINGULAR

AUTORES: SANTIAGO OLMO, JESÚS MADRIÑÁN

LINGUAS DE EDICIÓN: GALEGO-CASTELÁN-INGLÉS

192 PP.; 21 X 27,5 CM; COLOR; TAPA DURA

TIPO DE PUBLICACIÓN: CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN; VENAL

DESCRICIÓN:

Jesús Madriñán (Santiago de Compostela, 1984) é unha das miradas fotográficas máis incisivas do panorama actual. A súa obra centrouse fundamentalmente nunha reinterpretación do retrato entendido como un elo intermedio entre o xénero psicolóxico e o arquivo de tipoloxías. As súas diversas series abordaron aspectos da noite festeira en grandes cidades europeas (*Good Night London*, 2011, ou *Dopo Roma*, 2016) ou no medio rural (*Boas noites*, 2013). A súa maneira de traballar é moi minuciosa e precisa, utiliza a cámara de gran formato e a película analóxica, o que fai máis complexo un traballo que se asocia á rapidez da reportaxe.

Este proxecto, froito da colaboración entre Xacobeo e CGAC, fórmulase como unha renovación e actualización da mirada sobre a realidade do Camiño de Santiago e os seus peregrinos.



IN LANDSCAPE MODE. CHRISTIAN VILLAMIDE

COLECCIÓN: CGAC_SINGULAR

AUTORES: SANTIAGO OLMO, CHRISTIAN VILLAMIDE, PAULA CABAILEIRO

132 PP.; 16,5 X 24 CM; COLOR; TAPA DURA

LINGUAS DE EDICIÓN: GALEGO-CASTELÁN-INGLÉS

TIPO DE PUBLICACIÓN: CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN; VENAL

DESCRICIÓN:

In Landscape Mode é o catálogo da exposición de Christian Villamide no Espazo de Proxectos do CGAC. Nesta pequena mostra individual o artista formula a súa persoal reflexión acerca da paisaxe e, en particular, dos usos, e abusos, que os seres humanos adoitamos facer dela. A través dunha conversa coa comisaria Paula Cabaleiro, a publicación recolle algunhas interesantes reflexións do artista sobre esta materia e, en particular, sobre algunhas series e obras claves na súa traxectoria —*Parterres*, *Inhumación* e *PERturbacións*— con especial atención a *Mont-Ventoux*, instalación presentada pola primeira vez na mostra do CGAC.

II EDICIÓN DO PREMIO CGAC DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO SOBRE ARTE CONTEMPORÁNEA



En 2019, o Centro Galego de Arte Contemporánea convocou a segunda edición do Premio CGAC de Investigación e Ensaio sobre Arte Contemporánea co fin de promover a produción de pensamento sobre arte contemporánea en lingua galega.

Nesta ocasión resultou premiado o texto *Tigres en magnolias. A maxia como transformación na arte contemporánea* da crítica, investigadora e comisaria María Marco (Vigo, 1979).

O xurado, presidido polo director do CGAC, Santiago Olmo, e integrado polos profesores Susana Cendán, Miguel Anxo Rodríguez e Antón Castro, valorou especialmente a orixinalidade do enfoque e a calidade literaria dun ensaio produto dunha mirada multidisciplinar, que interrelacionaba o culto e o popular, o persoal e o académico, o internacional e o local ao tempo que reivindicaba a figura dalgunhas artistas que, malia o seu talento e a importancia das súas achegas, non figuran nos manuais de historia da arte.

María Marco é licenciada en Humanidades e doutora *cum laude* en Belas Artes. Colabora desde 2014 en El Cultural do xornal *El Mundo*, cubrindo a área de arte contemporánea en Galicia, ademais de escribir para diferentes plataformas editoriais. Como comisaria, recibiu en 2012 o premio de comisariado do Master de Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas da Universidade de Santiago por *Políptico, un comentario sobre a posta en valor do patrimonio*.

BIBLIOTECA



A biblioteca do CGAC conta cunha colección especializada en arte e cultura contemporánea. Este servizo está dirixido a persoas investigadoras, estudantes e ao público en xeral, á vez que serve de apoio ás exposicións, actividades e publicacións realizadas no centro.

O fondo documental está formado por máis de 25.000 títulos entre catálogos, monografías de artistas, libros de historia e teoría da arte, catálogos de feiras, material audiovisual e folletos, así como programas de actividades de distintos museos, convocatorias de premios e concursos.

Dentro do repertorio de títulos disponibles para a súa consulta cabe salientar o importante número de subscricións a revistas internacionais de difícil localización noutras bibliotecas da contorna.

Entre os servizos que presta a biblioteca atópase a formación de usuarios, que inclúe charlas con estudantes de Historia da Arte da Universidade e tamén ao alumnado de bacharelato e de escolas de deseño de produto e moda. Conta ademais cun importante programa de intercambio de publicacións con institucións de Galicia, España e do estranxeiro.

Os usuarios que acceden á biblioteca teñen diferentes perfís profesionais: artistas, xestores culturais, persoas relacionadas co mundo do cine e o teatro, así como coa investigación en arte e cultura contemporánea.

O número de consultas realizadas na biblioteca durante o ano 2019 foi de 633.

COLECCIÓN

COMPRAS CGAC 2019

(TOTAL = 97.319,00 € IVE INCLUIDO)



JUAN GOPAR

KEEP IT TO YOURSELF, 1997-2017

MADEIRA, ALUMINIO, CRISTAL, PINTURA E 2 AUDIOS

12 ELEMENTOS DE VARIAS MEDIDAS E 2 AUDIOS DE 00:20:01 (MANUEL) E 00:08:13 (SANTIAGO)

OFERTA DE COMPRA: 20.000,00 € (IMPOSTOS INCLUIDOS)

OFERTANTE: O ARTISTA

Juan Gopar (Lanzarote, 1958) conta cunha dilatada traxectoria avalada por numerosas exposicións colectivas e individuais tanto en España como no estranxeiro. As súas obras forman parte, entre outras, de coleccións permanentes como as da Fundació "La Caixa" en Barcelona, Genty Latimer en Londres, o Centro Atlántico de Arte Moderno (CAAM) de Gran Canaria, a Achenbach Art Consulting en Düsseldorf ou o Artium de Vitoria.

A súa primeira exposición foi unha colectiva en 1978 que, baixo o título de *Arte canario*, expúxose na Sala Conca de La Laguna. A partir de ese momento, Juan Gopar participou en máis de vinte colectivas, entre as que figuran *Visiones atlánticas* (Instituto Español de Viena, 1985), *Triálogos* (Artizar, 2000), *Las tentaciones de San Antonio* (CAAM, 2003), *Pieles* (La Regenta, 2003), *Una isla, tres miradas* (Centro de Arte Santo Domingo, Teguiuse, 2006) ou *Hasta pulverizarse los ojos* (BBVA Contemporáneos, Madrid, 2006). De entre as súas exposicións individuais, cabe resaltar *Imagen du même* (Galería Manuel Ojeda, As Palmas de Gran Canaria, 1989), *Octubre* (Galería Kaj Forsblom, Helsinki, 1991), *Gacelas interiores* (Galería Christine Debras-Yves Bical, Bruselas, 1992), *Estancia* (Galería Carles Taché, Barcelona, 1994), *Tokoma* (Galería Gamarra y Garrigues, Madrid, 1994), *Suite Ibn Hazm* (Galería Manuel Ojeda,

200) e *Sujeto desnaturalizado* (Galería Alfredo Viñas, Málaga, 2006).

A soidade, o illamento, a poesía, o mar, a memoria, o feito de habitar son algúns dos temas que se poden sentir na arte de Gopar, un artista que estivo apegado ao TEA (Tenerife Espacio de las Artes) desde as súas orixes, xa que é o autor do gran mural da biblioteca que preside a súa biblioteca. O artista idea as súas obras con obxectos humildes, con materiais de refugallo e con elementos reciclados e logra que estes se ennoblezcan e que transcendan a si mesmos para chegar a outras realidades. Cun concepto plástico totalmente aberto e cheo de sentido, coa pintura exercendo a súa máxica función e a escultura desenvolvendo criterios estruturais novos, a obra de Juan Gopar responde a un ideario estético onde a realidade cromática manifesta as súas infinitas posibilidades.

Keep It to Yourself, representa casas, edificacións provisionais, refuxios efémeros, como os que construían tradicionalmente os pescadores canarios nas costas para repousar nos seus periplos. Do mesmo xeito que os pescadores construían os seus refuxios cos restos de naufraxios e madeiras arrastradas á costa polas correntes, o artista realiza estas pezas cos restos que atopa na beira. Nesta obra de Gopar indícase a posibilidade dunha modernidade desde a fragilidade do efémero, onde se dispón a construír, a partir dunha obra multidisciplinar — non se trata só dunha obra plástica, senón da reunión de moitas linguaxes (idea que persegue a obra en todos e cada un dos seus planos)—, o desvelamento de algo que como di o propio título non pode nin debe ser contado.

Keep It to Yourself formou parte da exposición *En construcción*, que tivo lugar no CGAC do 6 de xullo ao 28 de outubro de 2018, sendo a primeira vez que o artista expoñía no centro.

MARLON DE AZAMBUJA


BRUTALISMO SANTIAGO, 2018

INSTALACIÓN. CEMENTO, PEDRA, CERÁMICA, LASTRAS E SARXENTOS
MEDIDAS VARIABLES

OFERTA DE COMPRA: 15.000,00 € + 21% IVE 3.150,00 € = 18.150,00 €

OFERTANTE: GALERÍA MAX ESTRELLA (MADRID)

Marlon de Azambuja (San Antônio de Patrulha, Brasil, 1978), estudou no Centro de Arte Contemporáneo Edilson Viriato en Curitiba, Brasil e desde 2005 vive e traballa en Madrid.



A obra de Marlon de Azambuja gravita ao redor das concepcións e relacións que establecemos na cidade, a arquitectura e o mundo da arte. Unha ampla franxa de recursos como a fotografía, o vídeo a escultura e o debuxo e por outra banda materiais cotiáns como a cinta adhesiva, velas, fío de la, cartón ou porexpan, prevéñennos sobre os modos de vida e comportamento que se nos imponen desde os estudos de arquitectura, os concellos e os plans urbanísticos que xestionan os espazos públicos. Ante este exercicio de poder, Azambuja utiliza a cidade e os seus espazos como inspiración e punto de partida realizando accións e xestos sobre ela. As súas series, moitas en constante progreso, son o resultado de elaborados métodos de produción nos que a miúdo parte de obxectos ou formas xa existentes para intervir sobre elas.

As súas exposicións individuais máis recentes inclúen: *Campo*, en Tasman Projects (Madrid, 2018); *Cuerpo presente*, en Espacio Cultural El Tanque (Tenerife, 2017); *Air and Light and Time and Space* (Espacio Odeón, Bogotá, Colombia, 2016); *Herencia* (Museo Patio Herreriano, Valladolid, 2016); *Pensamientos* (NoMinimo, Guayaquil, Ecuador, 2016); *Sobrevivor* (Junta espacio de arquitectura, Panamá City, Panamá, 2015); e *Brutalismo* (Galería Max Estrella, Madrid, 2014).

A súa obra está presente en coleccións públicas de distintos países entre as que destacan a colección do Museo de Arte Contemporáneo de Paraná, Museo Oscar Niemeyer en Curitiba, Itau Cultural São Paulo, e Banco Espírito Santo en Brasil; as coleccións do Centro Atlántico de Arte Moderno (CAAM) en Gran Canaria, Banco Sabadell, Fundación María Cristina Masaveu Peterson, OTR, Ministerio de Cultura, e Helga de Alvear en España; e a Fondazione Nommas en Roma, Italia.

En *Brutalismo Santiago* os ladrillos e demais elementos de construción industrial serven para *elaborar*, ao modo dunha maqueta, a estrutura dunha cidade de rañaceos, de edificios e de caseiras. A diversidade de cores, formas e dimensións, tanto dos ladrillos como dos sarxentos que os sosteñen, crean desde a maior simplicidade un encontro do material industrial coa imaxinación artesanal e os seus procesos. Nunha combinación de forzas que lles confire aos materiais construtivos do espazo arquitectónico un protagonismo decisivo.

Brutalismo Santiago formou parte da exposición *En construción*, que tivo lugar no CGAC do 6 de xullo ao 28 de outubro de 2018, sendo a primeira vez que o artista expoñía no centro.



ÁLVARO NEGRO

CUADRO-TUMBA, 2014

ESMALTE E ÓLEO SOBRE ESPELLO

170 X 350 CM

OFERTA DE COMPRA: 15.300,00 € + 21 % IVE 3.213,00 € = 18.513,00 €

OFERTANTE: GALERÍA F2 (MADRID)

O artista, Álvaro Negro, nacido en Lalín en 1973, é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo (1991-1996), posteriormente conseguiu o título de Master of Arts no Central Saint Martins College of Art and Design, Londres (2003).

Este artista analiza o xénero pictórico sen perder de vista as cuestións históricas que, por similitude ou contraste, son pertinentes respecto ao seu status contemporáneo. Así, nos seus traballos podemos atopar referencias á luz na pintura do Renacemento, a unha conciencia da cor respecto as súas connotacións históricas, un despregamento formal máis aló do cadro —na fotografía ou o vídeo—, e unha constante preocupación pola modulación do espazo e a arquitectura. As súas imaxes se enraízan na cuestión espazo-temporal, e aínda sendo moitas veces abstractas, establecen unha ligazón con experiencias do cotián. O seu

campo de acción tamén se estende á escritura, con ensaios e textos sobre outros artistas, e ao comisariado.

Actualmente está representado por F2 Galería (Madrid), expoñendo individualmente en galerías como Fúcares (Almagro), Carlos Carvalho (Lisboa), Mario Sequeira (Braga), e institucións como PALEXCO (A Coruña), a Fundación Laxeiro (Vigo), ou as sedes en Roma e Nápoles do Instituto Cervantes. En setembro de 2018 inaugurouse no CGAC a súa maior exposición individual de carácter retrospectivo; de título «Y».

Entre as súas exposicións colectivas destacamos: *Salon Video Jhiatus*], R.A.M. Media Art Festival (Arad, Rumania), *Welcome to my Loft* (Centro Torrente Ballester, Ferrol), *Lugares de Incerteza, proyecto Look up!* Natural Porto Art Show (Palacete Pinto Leite, Porto), *Antes de ayer y pasado mañana, o lo que la pintura puede ser hoy* (MACUF, A Coruña), *Mapas, cosmogonías e puntos de referencia* (CGAC, Santiago de Compostela), *Urbanitas* (MARCO de Vigo), *Cine y casi cine* (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid), *Sky Shout. A pintura despois dá pintura* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela).

A súa obra está representada en coleccións como a do propio CGAC, Fundación Barrié de la Maza, Colección MICA, Colección Circa XX—Pilar Citoler, Colección Purificación García, MAC Naturgy, MARCO de Vigo ou Colección Würtz.

Cuadro-tumba, é un espello abstracto que expande a pintura como unha tinta negra holandesa, conxugando o trazo común do háptico, onde conflúen ollo e superficie e a paisaxe permanece encriptada, como unha sombra que devén abstracción. Trátase dunha obra de gran formato, onde a ligazón parece asentarse nunha tendencia cara a posicións conceptuais que transcenden cuestións de figuración-abstracción ou de estilo pictórico.

Cuadro-tumba formou parte da exposición Álvaro Negro. <<Y>>, que tivo lugar no CGAC do 29 de setembro de 2017 ao 4 de febreiro de 2018, sendo a primeira exposición monográfica do artista no centro.

HISAE IKENAGA

LÍNEA AMUEBLADA, 2015

ACEIRO CROMADO, MADEIRA, TABOLEIRO E FALSO COIRO

316 X 200 X 360 CM

OFERTA DE COMPRA: 12.000,00 € + 21% IVE 2.520,00 € = 14.520,00 €

OFERTANTE: GALERÍA MAX ESTRELLA (MADRID)



Hisae Ikenaga (Cidade de México, 1977) licenciouse na Escuela Nacional de Pintura, Escultura y Grabado “La Esmeralda” en Cidade de México, e ampliou os seus estudos na Universidade de Arte e Deseño de Kyoto. En 2003 cursou estudos de posgrao na Universidade de Barcelona e en 2004 un Master de Teoría e Práctica das Artes Plásticas Contemporáneas na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid. Obtivo premios entre os que destacan o primeiro premio Generación 2008 (Obra Social, Caixa Madrid, España); o premio da I Bienal Azcapotzalco e o premio Foreign Studies (Kyoto), concedido por CENART no 2000. Recibiu ademais unha bolsa da Fundación Pollock-Krasner e recentemente realizou unha residencia na Fundación Pistoletto, Biella, Italia. Actualmente vive e traballa en Metz, Francia.

O traballo de Hisae Ikenaga, procede a unha deconstrución do moble, que se converte en material e ferramenta de traballo; integra o deseño como paradoxo do útil-inútil e como metodoloxía de actuación. Esta artista adoita traballar con obxectos cotiáns que altera para darlles diferentes significados e usos. Traballou en diversas series: confrontando procesos de produción industrial e artesanal, humanizando obxectos, utilizando obxectos “globais” (obxectos comprados en tendas de cadeas mundiais que manipula e logo organiza as súas partes de diferentes maneiras para dar novas opinións sobre as particularidades da vida cotiá) e posibles anomalías xenéticas en obxectos producidos en masa.

Línea amueblada, forma parte dunha serie de obras — entre as que está *Chrome Orange Pliers*, peza adquirida polo CGAC en 2018— que están feitas a partir de fragmentos de cadeiras de metal tubulares provenientes dunha fábrica.

Devanditos fragmentos mestúranse con cotrachapados con recubrimento plástico e obxectos atopados. Ikenaga está interesada en unir partes de obxectos, reciclalos e fusionalos con materiais para procrear pezas que nos remitan aos mobles tubulares con madeiras contrachapadas ou formicas, que se popularizaron nos anos setenta e que formaron parte da infancia e adolescencia da xeración da artista. Son pezas que se colgan na parede, así que de fronte “perden” o seu estado escultural, pero ao rodealas vemos capas que se sobrepoñen ou materiais que se cortan con formas doutros aos que non están unidos, todo un engano á nosa mirada. Nalgúns casos, hai inseridos obxectos cotiáns a maneira de “esquecementos”, relacionadas coa montaxe, a exhibición ou o coleccionismo na arte, como o bastón en *Red Walking Stick*. Estes obxectos remítenos a unha historia, unha acción de deixar, de pousar por un momento, de usar a obra coma se tratácese dun obxecto utilitario.

Línea amueblada formou parte da exposición *En construción*, que tivo lugar no CGAC do 6 de xullo ao 28 de outubro de 2018, sendo a primeira vez que a artista expoñía no centro.



ALGIRDAS ŠEŠKUS

219 81, 1981

IMPRESIÓN Á XELATINA DE PRATA

EDICIÓN ÚNICA

9 X 6 CM

OFERTA DE COMPRA: 7.200,00 € + 21% IVE 1.512,00 € = 8.712,00 €

OFERTANTE: GALERÍA PM8 (VIGO)

218 81 (A), 1981

IMPRESIÓN EN XELATINA DE PRATA

EDICIÓN ÚNICA

9 X 6 CM

OFERTA DE COMPRA: 7.200,00 € + 21% IVE 1.512,00 € = 8.712,00 €

OFERTANTE: GALERÍA PM8 (VIGO)

218 81 (B), 1981

IMPRESIÓN Á XELATINA DE PRATA

EDICIÓN ÚNICA

9 X 6 CM

OFERTA DE COMPRA: 7.200,00 € + 21% IVE 1.512,00 € = 8.712,00 €

OFERTANTE: GALERÍA PM8 (VIGO)

O artista Algirdas Šeškus (Vilnius, Lituania, 1945), é considerado na recente historia escrita da fotografía como un dos máximos representantes da etapa de ruptura, inflexión e renovación na fotografía lituana coa cultura soviética, así como na fotografía do norte de Europa e en concreto dos países Bálticos. Estudou na Escola de Arte de Vilnius desde 1968 ata 1970. Máis tarde completou un curso de cinematografía en Moscova, e logo traballou como operador de televisión e radio para a televisión lituana desde 1979 ata que se xubilou.

No clima silencioso dos anos setenta e oitenta, Algirdas desenvolveu un corpus de traballo, que hoxe é fundamental para entender a fotografía no século XX. Durante eses anos o artista mergúllase nunha escena paralela á oficial xa que a obra non estaba suxeita aos canons da arte comunista que era apoiada polo poder. Hai que ter en conta que durante o réxime soviético existía un férreo control das canles de distribución artística. As súas fotografías, ignoradas durante este período de aislacionismo, son exemplos dunha vangarda silenciosa que será responsable dunha transformación radical na estética da arte da fotografía na segunda metade do século XX.

A incorporación deste conxunto de obras serviría para continuar coa liña de adquisicións de pezas claves de artistas procedentes de Europa do Leste (Mladen Stilinovic e Jiri Kovanda, entre outros), iniciada baixo a dirección de Manuel Olveira a mediados da década de 2000.

As pezas desta serie foron tomadas entre 1979 e 1981 aproximadamente e permaneceron décadas escondidas nun caixón. De aí a escasísima información que podemos atopar sobre o artista, cuxa obra está aínda por catalogar. Šeškus documenta o que as cámaras non captan: o fóra de plano, as intrahistorias, o superfluo que se descobre como esencial. Trátase dun relato certamente sinistro —*unheimlich* como o definiu Sigmund Freud— articulado por maniquís, mulleres acéfalas en posturas de sometemento, corpos contorsionados en roupa interior, escenas privadas que desarmarían o escenario público. As súas imaxes constrúen xeometrías espontáneas e desordenadas que abranguen negros intensos e brancos escintilantes cos que crea imaxes

oníricas entre o surrealismo e o cinema de espionaxe. Así, a mirada de Šeškus móvese con axilidade entre o *underground* e a escena oficial, o nihilismo e o fetichismo, os soños e os pesadelos.

Šeškus foi obxecto dunha gran retrospectiva na Galería Nacional de Arte de Lituania e, despois dunha longa etapa de inactividade, comezou a fotografar novamente en 2010, publicando tres volumes dos seus case descoñecidos arquivos fotográficos da década dos setenta: *Žalasis tiltas (Ponte verde)*, *Archives (Pohulianka)* e *Meilės lyrika (Líricas de amor)*. Tamén expuxo *TV*, no Centro de Arte Contemporáneo de Vilnius e na *Documenta 14* en Kassel e Atenas, así como *Archives (Pohulianka)*. *Photographs and Prints 1975-1983* en Vilnius en 2010, *Lyrics of Love* en Londres en 2012 e *Variations in Shades of Grey* en Le Château d'Eau, Toulouse, Francia en 2013. En 2014 foi galardoado co Premio Nacional Lituano de Cultura e Arte, momento no que a súa obra entra en dúas das coleccións máis importantes do mundo: a do MoMA de Nova York e a do MNCARS en Madrid.

PRÉSTAMOS DE OBRAS DA COLECCIÓN CGAC 2019

EXPOSICIÓN: CHANNA HORWITZ. EL FACTOR OCHO

DATAS DE EXPOSICIÓN: 09/02/2019 - 26/05/2019

SOLICITANTE: MUSAC, LEÓN

LUGAR DE EXPOSICIÓN: MUSAC. AV. DE LOS REYES LEONESES, 24. 24008. LEÓN

RESOLUCIÓN: SEN RESOLUCIÓN

OBRAS SOLICITADAS:

CHANNA HORWITZ: SONAKINATOGRAPHY I (COMPOSITION III), 1968-2007

TINTA E PLACA SOBRE MYLAR

75 X 60 CM

COL2009-0028

EXPOSICIÓN: ANTONIO QUESADA

DATAS DE EXPOSICIÓN: 13/02/2019 – 12/05/2019

SOLICITANTE: AFUNDACIÓN

LUGAR DE EXPOSICIÓN: SEDE AFUNDACIÓN. AV. DE PONTEVEDRA, 9. 32005. OURENSE

RESOLUCIÓN: SEN RESOLUCIÓN

OBRAS SOLICITADAS:

ANTONIO QUESADA: TRANSICIÓN-INTEGRACIÓN, 1994

ÓLEO SOBRE LENZO

123 X 155 CM

XUN1995-0012

EXPOSICIÓN: PENSAR COAS MANS. CESTERÍA, CERÁMICA E XOIERÍA DE GALICIA

DATAS DE EXPOSICIÓN: 12/04/2019 – 08/09/2019

SOLICITANTE: FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

LUGAR DE EXPOSICIÓN: MUSEO CENTRO GAIÁS-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA. MONTE GAIÁS, S/N. 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN: SEN RESOLUCIÓN

OBRAS SOLICITADAS:

XAVIER TOUBES: DUST II / POLVO 2, 2002

CERÁMICA, ESMALTES E LUSTRE

206 X 60 X 70,5 CM

COL2006-0274

EXPOSICIÓN: TEINXINT IDENTITATS

DATAS DE EXPOSICIÓN: 10/10/2019 – 26/01/2020

SOLICITANTE: FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

LUGAR DE EXPOSICIÓN: CENTRE D'ART TECLA SALA. AVINGUDA DE JOSEP TARRADELLAS I JOAN, 44. 08901. L'HOSPITALET DE LLOBREGAT (BARCELONA)

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 2/2019

OBRAS SOLICITADAS:

CHELO MATESANZ: DESPUÉS DE 30 CARTONES DE TABACO RUBIO, 2002

TEA DE CORTINA QUEIMADA

300 X 500 CM

COL2006-0055

EXPOSICIÓN: FIGURANDO LEMBRANZAS

DATAS DE EXPOSICIÓN: 04/07/2019 - 30/09/2019

SOLICITANTE: CONSORCIO DE SANTIAGO

LUGAR DE EXPOSICIÓN: FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL. PRAZA DO TOURAL, 8. 15705. SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 3/2019

OBRAS SOLICITADAS:

MANUEL PAILÓS

SEN TÍTULO, 1991

ÓLEO SOBRE DIARIO E DURABORD

138 X 138 CM

XUN1995-0007

EXPOSICIÓN: AINDA O DESCONFORTO MODERNO / MODERN DISCOMFORT STILL

DATAS DE EXPOSICIÓN: 18/09/2019 – 19/01/2020

SOLICITANTE: MUSEU COLEÇÃO BERARDO ARTE MODERNA E CONTEMPORÂNEA

LUGAR DE EXPOSICIÓN: MUSEU COLEÇÃO BERARDO ARTE MODERNA E CONTEMPORÂNEA. PRAÇA DO IMPÉRIO. 1449-003.

LISBOA (PORTUGAL)

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 4/2019

OBRAS SOLICITADAS:

MIGUEL PALMA: DEEP BREATH, 2007

INSTALACIÓN

213 X 300 X 182 CM

COL2012-0001

EXPOSICIÓN: XIV BIENAL PINTOR LAXEIRO

DATAS DE EXPOSICIÓN: 10/05/2019 – 31/07/2019

SOLICITANTE: BIENAL PINTOR LAXEIRO

LUGARES DE EXPOSICIÓN: MUSEO RAMÓN MARÍA ALLER. RÚA RAMÓN ALLER, 9. 36500. LALÍN (PONTEVEDRA)

CONCELLO DE LALÍN. RÚA DO CASTRO, 0. 36515. LALÍN (PONTEVEDRA)

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 5/2019

OBRAS SOLICITADAS:

JORGE BARBI: HACIA EL NORTE EN DICIEMBRE, 1990

MADEIRA, PIZARRA E XIZ

96 X 159 X 109 CM

COL1997-0024

LUIS CAMNITZER: SCIENCE, S. D.

FOTOGRAVADO SOBRE PAPEL

EDICIÓN A.P.

75 X 65 CM

COL2009-0032

ELENA DEL RIVERO: LES AMOREUSES (ELENA & ROSE), 2000

FOTOGRAFÍA IMPRESIÓN C-PRINT DURAFLEX

EDICIÓN 1 DE 6

119,9 X 134,2 X 5 CM

COL2001-0013

ELENA DEL RIVERO: LAS HILANDERAS, 2002

FOTOGRAFÍA IMPRESIÓN C-PRINT DURAFLEX

EDICIÓN 2 DE 9

149,2 X 184,8 X 3 CM

COL2003-0010

ESTHER FERRER: NÚMEROS PRIMOS Y PERSPECTIVA, ANOS 80

ROTULADOR SOBRE PAPEL VEXETAL

99 X 99 CM

COL2009-0013

TINO GRANDÍO: ESPEJO, 1959

ÓLEO SOBRE LENZO

75 X 54 CM

COL1995-0009

DUANE MICHALS: DR. HEISENBERG'S MAGIC MIRROR OF UNCERTAINTY, 1998

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO. XELATINA DE PRATA

EDICIÓN 4 DE 25

6 ELEMENTOS DE 33 X 39 X 2,8 CM C/U

COL2002-0012

MATT MULLICAN: UNTITLED (MATT MULLICAN UNDER HYPNOSIS: ZURICH), 2003

VÍDEO

EDICIÓN 5 DE 16

01:09:47

COL2006-0265

JOÃO PENALVA: PYCREUS GLOBOSUS REICHB, 1997

FOTOGRAMA SOBRE PAPEL MANUSCRITO

79,4 X 63 CM

COL1998-0003

JOÃO PENALVA: SETARIA FABERI HERRMANN, 1997

FOTOGRAMA SOBRE PAPEL MANUSCRITO

79,4 X 63 CM

COL1998-0009

JOÃO PENALVA: AMRANTUS VIRIDIS LINN/TARAXACUM

OFFICINALE WEBER, 1997

FOTOGRAMA SOBRE PAPEL MANUSCRITO

79,4 X 63 CM

COL1998-0010

JOÃO PENALVA: CAYRATIA JAPONICA (THWB.), 1997

FOTOGRAMA SOBRE PAPEL MANUSCRITO

79,4 X 63 CM

COL1998-0011

MLADEN STILINOVIC: TO DÜRER, 1976

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO

4 ELEMENTOS DE 30 X 40 X 3 CM C/U

COL2009-0037

MLADEN STILINOVIC: ARTIST AT WORK, 1978

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO

27,5 X 247,5 X 3 CM

COL2009-0038

MLADEN STILINOVIC: THE PRAISE OF LAZINESS, 1993

PAPEL CON TEXTO IMPRESO MEDIANTE INYECCIÓN DE TINTA

40 X 30 X 3 CM

COL2009-044

EXPOSICIÓN: CARUNCHO: POSTCUBISMO Y ABSTRACCIÓN GEOMÉTRICA

DATAS DE EXPOSICIÓN: 25/06/2019 – 20/10/2019

SOLICITANTE: CENTRO CONDE DUQUE, MADRID

LUGAR DE EXPOSICIÓN: CENTRO CONDE DUQUE. C/ CONDE DUQUE, 11. 28015. MADRID

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 6/2019

OBRAS SOLICITADAS:

LUIS M^a CARUNCHO

VICISITUDES DEL PLANO N^o2, 1974

ÓLEO SOBRE TABLA E LENZO

180 X 180 CM

COL1995-0002

EXPOSICIÓN: IGNACIO GOITIA

DATAS DE EXPOSICIÓN: 25/10/2019 – 26/01/2019

SOLICITANTE: SALA REKALDE, BILBAO

LUGAR DE EXPOSICIÓN: SALA REKALDE. ALAMEDA REKALDE, 30. 48009. BILBAO (BISCAIA)

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 7/2019

OBRAS SOLICITADAS:

IGNACIO GOITIA: VÁMONOS DE AQUÍ, 2004

ACRÍLICO SOBRE TEA

200 X 160 CM

COL2006-0286

EXPOSICIÓN: (FE)MENINAS

DATAS DE EXPOSICIÓN: 30/08/2019 – 30/09/2019

SOLICITANTE: AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO

LUGAR DE EXPOSICIÓN: CENTRO TORRENTE BALLESTER. C/ CONCEPCIÓN ARENAL, S/N. 15402. FERROL (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 8/2019

OBRAS SOLICITADAS:

EVE SUSSMAN: 89 SECONDS AT ALCÁZAR, 2004

VÍDEO

EDICIÓN 4 DE 10 + 2 P.A.

00:09:46

COL2004-0024

EXPOSICIÓN: ARQUITECTURA, MEMORIA: SUSAN PHILIPPSZ

DATAS DE EXPOSICIÓN: 15/10/2019 – 15/12/2019

SOLICITANTE: MUSEO PATIO HERRERIANO, VALLADOLID

LUGAR DE EXPOSICIÓN: MUSEO PATIO HERRERIANO. C/ JORGE GUILLÉN, 6. 47003. VALLADOLID

RESOLUCIÓN: RESOLUCIONES 10/2019 E 10.1/2019

OBRAS SOLICITADAS:

SUSAN PHILIPSZ: *THE DEAD*, 2000

DISCO DE VINILO CON AUDIO DA CANCIÓN *THE LASS OF AUGHRIM*,
FUNDA INTERIOR CON TEXTO IMPRESO DO RELATO "THE DEAD" DE
JAMES JOYCE E TOCADISCOS

EDICIÓN DE 10

31,3 X 31,3 CM (FUNDA) E 00:01:50

COL2006-0286

SUSAN PHILIPSZ: *FOLLOW ME*, 2004

AUDIO E ALTOFALANTES

EDICIÓN 1 DE 3 + 1 P.A.

00:02:22

COL2006-0012

SUSAN PHILIPSZ: *SOMETHING BETTER CHANGE*, 2006

AUDIO, ALTOFALANTES E MICRÓFONO

EDICIÓN 1 DE 3 + 1 P.A.

MEDIDAS VARIABLES E 00:05:28

COL2006-0013

INFORME DA PRESENZA DO CGAC NAS REDES SOCIAIS

O crecente número de persoas que utilizan as redes sociais fai que estas ferramentas sexan un elemento imprescindible para os museos e centros de arte xa que permiten unha comunicación máis directa e participativa coa cidadanía, que pasa de ser unha simple receptora de información a ser axente activo. Os usuarios e usuarias das redes non se limitan a consumir información, senón que a crean e a comparten. Por iso o CGAC dispón de perfís nas principais redes sociais como Facebook, Twitter, Instagram, Vimeo e Youtube.

A estratexia de comunicación dixital desenvólvese por medio dun servizo para a xestión e dinamización de accións a través das redes sociais coa intención de achegar ao maior número da poboación galega, nacional e internacional as distintas propostas artísticas (exposicións, cursos, talleres, conferencias, concertos...) que se ofertan no CGAC baixo a documentación, coordinación e supervisión dos distintos departamentos do centro.

En 2019 as redes sociais do CGAC medraron en número de seguidores chegando a constituír unha comunidade sólida formada por 24.169 persoas que apoian a institución.

Os datos cuantitativos do ano 2019 amosan un gran crecemento en Instagram, que é, sen dúbida, a rede máis popular a día de hoxe. Aínda que Facebook segue a ser a principal rede social do CGAC, tanto por número de seguidores como por alcance e interaccións.

As canles de Youtube e Vimeo núntense directamente dos vídeos que se realizan por profesionais cualificados, baixo a supervisión da dirección do centro, para a difusión e arquivo das distintas actividades que se organizan anualmente. Os contidos difundidos a través destas plataformas caracterízanse pola súa gran calidade e por seren moi atractivos para o público. Este ano optouse por introducir novas temáticas diferentes que chamasen a atención da comunidade de persoas usuarias: a modo de exemplo, podemos destacar o vídeo de Fermín Blanco anunciando os talleres de arquitectura, a vista panorámica desde a terraza, vídeos das tres exposicións de final de ano (as dedicadas aos artistas Pedro Cabrita Reis, Jesús Madriñán e Christian Villamide).

Más aló dos eventos públicos, intentouse difundir e dar valor engadido a toda a actividade do CGAC, como a loxística dos préstamos ou a recepción de obras por parte do persoal do centro. En paralelo á difusión da programación pública, implicouse ao persoal para crear marca. Grazas a eles descubriuse a Colección CGAC e os Préstamos CGAC con *posts* independentes con moi boa acollida.


A análise cualitativa dos resultados da presenza nas redes sociais amosa a calidade, implicación e interacción do público de Instagram, que adoita etiquetar o CGAC nas súas publicacións, sobre todo en *stories*, e sempre está aberto a manter unha conversa sobre a súa experiencia do centro ou sobre as visitas ás exposicións.

Métrica	Facebook		Twitter		Instagram	
	Xan 19	Dec 19	Xan 19	Dec 19	Xan 19	Dec 19
Seguidores	16.134	16.537	3.931	4.292	2.046	3.340
Incremento		2,5%		9,18%		63,25%

INFORME SOBRE NÚMERO DE VISITANTES EN 2019

XANEIRO	3.515
FEBREIRO	5.940
MARZO	5.055
ABRIL	5.153
MAIO	6.352
XUÑO	5.647
XULLO	4.092
AGOSTO	4.770
SETEMBRO	4.831
OUTUBRO	4.875
NOVEMBRO	4.680
DECEMBRO	4.120

TOTAL: 59.030




Sección 20
Programa 432B
Código de proxecto 2015 00414

ORZAMENTO 2019

	DESCRIPCIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	1.108.775,33
CAPÍTULO II	GASTOS CORRENTES	444.149,00
	INVESTIMENTOS	160.643,55
CAPÍTULO VI	FUNCIONAMENTO DO CGAC	806.897,48
CAPÍTULO VII	PREMIO CGAC	3.000,00
	TOTAIS	2.523.465,36

ORZAMENTO 2020

	DESCRIPCIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	1.130.950,84
CAPÍTULO II	GASTOS CORRENTES	467.847,00
	INVESTIMENTOS	387.462,00
CAPÍTULO VI	FUNCIONAMENTO DO CGAC	860.000,00
CAPÍTULO VII	PREMIO CGAC	3.000,00
	TOTAIS	2.849.259,84

COMPARATIVA DOS ORZAMENTOS DOS ANOS 2019 – 2020

EXPOSICIÓNS 2020



FRANCESC TORRES. CREBAS

COMISARIA: ROCÍO FIGUEROA GUISANDE

ARTISTA: FRANCESC TORRES

21 FEBREIRO - 1 XUÑO 2020

PLANTA PRIMEIRA E DOBRE ESPAZO

Francesc Torres (Barcelona, 1948) é amplamente recoñecido como un dos referentes históricos da instalación multimedia, membro da primeira xeración de instaladores xurdida no contexto artístico norteamericano na primeira metade dos anos setenta. A súa experiencia vital e artística levoulle vivir a medio camiño entre Barcelona e Nova York, e nos últimos vinte anos estableceu un forte vínculo con Galicia, pasando varias tempadas na Costa da Morte.

Torres analiza de forma tenaz os acontecementos máis destacados do convulso século XX e as súas repercusións na actualidade. O seu traballo tradúcese en hábil exercicio poético e abafadora reflexión crítica da sociedade contemporánea, plasmados ao longo de cinco décadas de intensa produción artística.

Crebas é un termo propio do léxico da Costa da Morte, que designa todos aqueles obxectos que as mareas depositan na ribeira, a consecuencia dun naufraxio ou outras circunstancias. Baixo este título, a exposición mostra unha selección de pezas datadas entre 1976 e 2019, que sintetizan a esencia da obra de Torres. É unha nova oportunidade de reler o seu traballo desde outras perspectivas, observando os vínculos existentes entre as diferentes etapas da súa traxectoria artística, que explora aspectos de carácter histórico, filosófico, político e antropológico, expresados a través de múltiples medios como a instalación, a fotografía, o debuxo ou a escultura. Aquí preséntanse unha serie de obras inéditas directamente relacionadas con Galicia, que enlazan coas súas primeiras pezas conceptuais dos anos setenta, articuladas en perfecto diálogo con obras posteriores, moi particularmente

instalacións multimedia, concibidas como un dispositivo de narración complexo, con frecuencia resultado dun exhaustivo proceso de investigación.

Especialmente destacable é unha das súas pezas históricas *Construction of the Matrix*, presentada na Bienal de Venecia de 1976, ou *La campana hermética*, unha monumental instalación a modo de *Wunderkammer* ou gabinete de marabillas, revelada aquí como xénese e sustento de toda unha vida de creación. Miles de obxectos de enorme carga simbólica que, do mesmo xeito que as *crebas*, testemuñan vivencias persoais, sucesos históricos e reiteracións da memoria.

No traballo de Francesc Torres subxace, ademais, un acto reflexivo do seu papel como artista e defende que a arte é, ante todo, un patrón de comportamento da especie humana como forma de aprehender o mundo e a súa propia existencia, unha acción que lle dá sentido. Deste xeito, a práctica da arte non se entende tanto como unha profesión senón como unha necesidade radical, primaria.



MUSEO (DO ERMITÁN) MAN

COMISARIAS: ANDREA SERODIO, CARMEN HERMO SÁNCHEZ

ARTISTA: MANFRED GNÄDINGER (MAN DE CAMELLE)

6 MARZO – 30 AGOSTO 2020

ESPAZO DE PROXECTOS

Manfred Gnädinger (Radolfzell, 1936 - Camariñas, 2002), máis coñecido como Man de Camelle, foi presentado durante décadas polos medios de comunicación como un personaxe extravagante, o que non permitiu ver máis alá e recoñecer a verdadeira dimensión artística da súa vida e obra. Man foi un creador polivalente que desenvolveu o conxunto do seu labor en Camelle (Camariñas), totalmente apartado do sistema artístico. Ao longo da súa vida dedicouse a integrar obxectos que o mar lle traía no contorno do seu xardín, formando esculturas e conxuntos

artísticos en constante evolución que lle deron forma ao seu museo.

O 16 de novembro de 2002, a marea negra do *Prestige* chegou ao seu xardín e destruíuno por completo. Pouco despois, o 28 de decembro de 2002, ao ver a súa obra vital arrasada, faleceu. Anos despois, ao acceder ao interior da súa casa para recuperar os seus bens, púidose comprobar a verdadeira magnitude creativa do artista.

O seu legado deixouno en forma de proxecto museográfico, seguindo un proxecto totalmente innovador, no que se plasmaban conceptos moi actuais sobre xestión, difusión e divulgación museística. Sistematizouno nun compendio de 606 fotografías, debuxos e escritos denominado *Museum vom Einsiedler Man. Camelle (La Coruña). Spanien*, no que se recolle a esencia da súa creación artística entre os anos 1969 e 1978.



ANTÓN PATIÑO. CAOSMOS

COMISARIO: ALBERTO RUIZ DE SAMANIEGO

ARTISTA: ANTÓN PATIÑO

13 MARZO - 3 XUÑO 2020

PLANTA BAIXA E SOTO

Caosmos é unha aproximación á traxectoria do artista galego Antón Patiño (Monforte de Lemos, Lugo, 1957), centrada nunha escolma de pezas que abrangue distintas etapas do seu labor no eido das artes plásticas, desde a súa participación na fundación de Atlántica (referencia central para a arte galega nas últimas décadas) até a actualidade, pero tamén no ámbito da literatura e o pensamento, como autor de diversos libros de ensaio artístico e teoría da imaxe.

A súa é unha figura poliédrica mesmo se nos cinguimos á faceta de activista cultural. Profundo investigador das referencias culturais da Galicia moderna (desde Reimundo Patiño a Urbano Lugrís, Carlos Oroza ou Luís Seoane), mantén

estreitos vínculos con poetas e escritores, e despregou unha intensa actividade como valedor e difusor da nosa cultura e literatura fóra de Galicia. O obxectivo da exposición é visibilizar todas estas conexións e pór de relevo as múltiples caras dunha personalidade rica e complexa.

O título, *Caosmos*, é ademais un concepto clave co que o artista vén traballando desde hai anos, un paradigma que define a sofisticación da hipermodernidade. As lendarias nocións antagónicas da cultura clásica, *caos* e *cosmos*, establecen unha fusión dialéctica nunha expresiva aleación conceptual, *caosmos*, seguindo a intuición do neoloxismo de Joyce.

As polaridades antagónicas como fontes de enerxía creativa estruturan un campo magnético de intuicións poético-artísticas. A presente mostra vai á procura deses espazos de conflito que definen a condición humana. Tensións entre natureza e cultura, pensamento e materia. A cor, o trazo, as representacións iconográficas establecen un espazo de fusión e de hibridacións.

Nunha sala de tránsito que comunica os dous niveis da exposición, atópase o arquivo con publicacións, cartas e apuntamentos do artista. Esta sección documental, que se completa coa proxección de *ergografías* e cun mapa conceptual, configúrase como unha sorte de labirinto ou arañeira que describe os cumios de intensidade do *Caosmos*.

Outra das paradas significativas da mostra é a estancia denominada *Inventario de escumas*, con centos de xanelas abertas ao mar, cada unha delas coa súa salpicadura ao chou. Unha peza amniótica onde as texturas sonoras do mar están presentes a través dun monitor que nos permite contemplar as obras na paisaxe dos areais atlánticos.

LA RIBOT / PIÉCE DISTINGUÉE #45

EXPOSICIÓN E PERFORMANCE

DENTRO DO PROGRAMA DO FESTIVAL DE ESCENA E

PERFORMANCE PLATAFORMA

ARTISTA: LA RIBOT

COMISARIO: IÑAKI MARTÍNEZ ANTELO

17 ABRIL - 3 XUÑO 2020

HALL

La Ribot (Madrid, 1962) é unha pioneira da danza contemporánea que sempre buscou novas de expresión, nas que as categorías de teatro, danza, artes visuais e *performance* se funden dun xeito moi radical e absolutamente orixinal.



Trátase dunha artista que desde os anos noventa recibiu un constante recoñecemento internacional. Con base en Xenebra, as súas actuacións estiveron presentes nos festivais e museos máis importantes de Europa.

Nas últimas dúas décadas o seu traballo foise ampliando cara a terreos nos que o expositivo vai máis aló da escena e incorpora novos medios como a fotografía, o vídeo ou as intervencións no espazo que obviamente remiten a unha certa idea de escena expandida.

O seu traballo performativo artículase como un repertorio escénico, no que cada *performance* é numerada e se integra na serie *Pièces Distinguées*.

No CGAC propónse a realización da *Pièce Distinguée #45* canda o actor Juan Lorient o día 17 de abril, coincidindo coa apertura do festival Plataforma. A continuación, e no mesmo espazo do vestíbulo do CGAC onde se presentará a *performance*, abrirase a exposición que reunirá fotografías, vídeos e obxectos, así como unha intervención gráfica na parede. O conxunto completárase con dúas pezas videográficas que se proxectarán no auditorio, nun programa de dúas sesións diarias, en horario de mañá e tarde.

Un pequeno catálogo recompilará algúns textos inéditos en España e unha conversación entre comisario e artista, e reunirá as pezas da mostra e outras *performances* asociadas así como imaxes da *performance* realizada no CGAC.

DAVID LAMELAS

COMISARIO: PEDRO DE LLANO NEIRA

ARTISTA: DAVID LAMELAS

12 DE XUÑO – 13 DE SETEMBRO DE 2020

HALL, PLANTA BAIXA, CORREDOR PLANTA BAIXA E DOBRE ESPAZO

David Lamelas é un artista clave da arte conceptual e un dos grandes protagonistas da escena artística argentina

na década dos sesenta. Participou en moitos dos fitos desta neovanguardia e, sen embargo, a súa obra aínda é relativamente descoñecida en España. Tal vez porque nunca se identificou cun contexto concreto —viviu en Buenos Aires, Londres, París e Los Angeles...— ou quizá pola natureza “camaleónica” da súa obra, que cambiou radicalmente nas súas distintas fases, adaptándose a contornas diversas e fuxindo de calquera cristalización nun estilo determinado: desde as súas investigacións sobre a linguaxe e a literatura en obras de principios dos setenta (*Interview with Margerite Duras*, 1970), ata as referencias á cultura popular e os códigos da televisión nas súas obras dos oitenta en California (*Sheherezade*, 1980), pasando por intervencións no espazo público nos noventa.

Lamelas ten unha relación especial con España e Galicia: os seus pais naceron en senllas aldeas da provincia de Ourense, na zona de Manzaneda. En 1939 emigraron a Arxentina, onde naceu o artista en 1946, xunto ao seu irmán xemelgo Víctor, falecido cando era neno. Aos oito anos Lamelas realizou a súa primeira viaxe a España xunto á súa nai, Amelia. Nesa viaxe o artista tivo ocasión de visitar o Museo do Prado que deixou un recordo indeleble nel.

O proxecto de Lamelas no CGAC é unha exposición retrospectiva que reunirá unha selección de obras representativas dos distintos períodos da súa creación artística, desde mediados dos sesenta en Buenos Aires, ata a actualidade.





CULTIVAR INCERTEZAS. REFORMULAR O ESPAZO / CONMOCIONAR A MIRADA

COMISARIO: ÁNGEL CERVIÑO

ARTISTAS: VICENTE BLANCO, RUT MASSÓ, ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA, ÁLVARO NEGRO, SALVADOR CIDRÁS, SUSO FANDIÑO, JORGE PERIANES, RUBÉN RAMOS Balsa, AMAYA GONZÁLEZ REYES, MAR VICENTE, TAMARA FEJOO, ROSENDO CID, MANUEL EIRÍS, NANO 4814, BASILISA FIESTRAS, KIKO PÉREZ, DOA OCAMPO, MARTA BRAN, OLMO CUÑA, MARCOS COVELO, BORJA SANTOMÉ, MARTA LORENZO, DAVID FIDALGO OMIL, MAR RAMÓN, JULIA HUETE, ALEXANDRA MARÍN REY, MANUEL MATA, SANDRA VARELA, DIEGO DEL RÍO COMESAÑA, ERIK BALBUENA

26 XUÑO 2020 – 31 XANEIRO 2021

PLANTA PRIMEIRA E PLANTA BAIXA

A piques de cumprirse os 30 anos da posta en marcha da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, o proxecto expositivo *Cultivar incertezas. Reformular o espazo / conmocionar a mirada* pretende levar a cabo unha revisión dos traballos plásticos realizados por algúns dos seus alumnos máis significados ao longo deste primeiro cuarto de século de actividade.

Seleccionáronse 30 artistas representativos das 25 promocións de alumnos formados na facultade e cada artista estará representado na exposición por unha obra recente e/ou de especial relevancia dentro do conxunto da súa traxectoria, facendo especial fincapé en obras da Colección CGAC ou outras coleccións galegas.

Os cinco lustros de diferenza que se cumpren entre os artistas licenciados nas primeiras promocións e os que aínda terminarán a súa primeira etapa de formación académica neste mesmo ano, supoñen case o cómputo de tempo dun salto de xeración (moitos daqueles mozos que ían cumprir *30 anos no 2000, cumprirán 50 no 2020*); de forma que assistiremos tamén no despregamento deste

conxunto de proxectos a algo que se achega bastante a unha nova substitución xeracional, con todos os cambios de modelo que isto implica.



PROXECTO COLECCIÓN. ERNESTO NETO – A PROFUNDIDADE DO CORPO. A ONDA

COMISARIO: SANTIAGO OLMO

ARTISTA: ERNESTO NETO

25 SETEMBRO 2020 - 18 XANEIRO 2021

DOBLE ESPACIO

A Colección CGAC é a colección pública máis importante de arte contemporánea de Galicia.

Desde a súa creación en 1995, non deixou de se enriquecer con incorporacións de obras procedentes do contexto galego e internacional, con especial atención aos artistas españois, portugueses e latinoamericanos. Os seus fondos fóronse incrementando grazas a unha política de adquisicións coherente, baseada en criterios de calidade e diversidade, e na actualidade conta con máis de 1.300 pezas adquiridas con cargo aos orzamentos anuais da institución ou ben mediante doazóns de coleccionistas particulares, institucións ou artistas.

A colección está constituída fundamentalmente por obra de artistas que viron consolidada a súa traxectoria a partir da segunda metade do século vinte e algunhas das súas obras emblemáticas foron concibidas especificamente para os espazos do CGAC.

Foi no Dobre Espazo onde se crearon ou instaláronse máis radicalmente algunhas das obras monumentais que agora forman parte da Colección.

Co fin de destacar a importancia da Colección CGAC, reconsideráronse a obra de Ernesto Neto, *A escala do*

corpo. A onda (2001), unha das pezas máis monumentais da colección, que, no entanto, non se volveu exhibir desde a súa primeira presentación. Ademais dos seus valores espaciais, esta peza ten un compoñente olfactivo a través do cheiro emitido polas especias almacenadas no tecido.

CAMILO JOSÉ CELA / CARLES FONTSERÉ. NUEVA YORK AMARGA

COMISARIOS: SANTIAGO OLMO, COVADONGA RODRÍGUEZ, ADOLFO SOTELO

25 SETEMBRO 2020 - 10 XANEIRO 2021

PLANTA SOTO



En 2017 o CGAC adquire para a súa colección o arquivo fotográfico da Fundación Cela composto por tres grupos de fotografías que foron a base dalgúns dos seus proxectos literarios e editoriais máis significativos e renovadores: as fotografías de Karl Wlasak, que se utilizaron en *Viaxe á Alcarria*; as fotografías de Enrique Palazuelo, que foron a base para os 7 tomos de relatos de *Novas escenas matritenses*; e ao redor de 300 fotografías de Carles Fontseré, que ían servir para articular un proxecto de relatos titulado *Nova York amarga*. Este último proxecto nunca chegou a culminar, tanto por cuestións editoriais como polos sucesivos compromisos de ambos os autores.

Aínda que os dous primeiros conxuntos de fotografías tiveron unha visibilidade a través dos propios libros, as fotografías de Fontseré, un cartelista republicano que se exiliou primeiro en París e tras a Segunda Guerra Mundial estableceu en Nova York, non tiveron practicamente ningunha visibilidade.

En 1964 Camilo José Cela, funda coa participación dos seus irmáns, a editorial Alaguara e desde alí púxose en marcha o proxecto dun libro con relatos de Cela e fotografías de Nova York de Carles Fontseré. A correspondencia entre ambos viuse enriquecida polo envío de 312 fotografías en branco e negro sobre as que o escritor empezou a traballar, chegando a concluír nunha primeira redacción cinco relatos.

A exposición propón revisar esta colaboración, pondo de relevo a peculiar estrutura do traballo literario de Cela en relación coa fotografía, que desempeña sobre todo o papel de punto de partida para a escritura. Palabra e imaxe son dous espazos paralelos que se relacionan de maneira aleatoria e non se subordinan. O relato non funciona como unha explicación e a fotografía non é unha ilustración.

A exposición ofrece a oportunidade de impulsar tanto unha investigación sobre este episodio da nosa historia cultural, catalogar as fotografías e establecer un sistema adecuado de conservación.

Así mesmo a participación no comisariado de Adolfo Sotelo, da Universidade de Barcelona, e Covadonga Rodríguez, directora da Fundación Cela, asegura o estudo da correspondencia entre ambos os autores.

O catálogo da mostra incluírá diversos estudos sobre o proxecto editorial, a correspondencia entre ambos os autores e o contexto cultural.

Vinculado con esta exposición, o 23 e 24 de outubro realizarase no CGAC un seminario sobre Cela e a fotografía, organizado polo grupo de investigación que dirixe na Universidade de Barcelona o profesor Adolfo Sotelo. Proponse a publicación dun volume no que se recollan as actas do seminario.

ACTIVIDADES 2020

TALLERES PARA FAMILIAS

DO 18 DE XANEIRO AO 24 DE MAIO DE 2020

Este ano nos talleres para familias continuaremos a viaxe polo mundo indagando sobre diferentes culturas e xeitos de facer. Nesta ocasión, coa educadora Sara Donoso, pulsaremos o botón de parada na Arxentina, onde baixaremos para explorar o traballo de cinco creadoras cuxas miradas, intereses e recursos artísticos nos darán pistas para experimentar e crear xogando co espazo, a percepción e as cores, a proporción, a distorsión, a ambientación e a ilusión sensorial.

PROGRAMA

Xaneiro *Combinacións. Julio Le Parc*
 Febreiro *A escena! Marta Minujin*
 Marzo *Un día +. Liliana Porter*
 Abril *Non todo é o que parece. Leandro Erlich*
 Maio *Con cobertura. Marina de Caro*

TALLERES EXPERIMENTAIS DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA. MIES ES +

DO 26 DE OUTUBRO DE 2019 AO 31 DE MAIO DE 2020

O CGAC presenta a quinta edición deste ciclo de talleres dedicado á arquitectura contemporánea e dirixido ao público infantil. Este ano pecharemos de novo o programa cun obradoiro dirixido ás familias.

Os talleres, que teñen lugar a última fin de semana de cada mes, desenvólense baixo a dirección do arquitecto Fermín Blanco co apoio do equipo didáctico do Sistema Lupo. O seu obxectivo é proporcionarles aos nenos e nenas as ferramentas e as claves precisas para interpretar a arquitectura do noso tempo a través das teorías, os proxectos e os traballos dos arquitectos e arquitectas máis importantes dos últimos tempos. Os temas serán tratados transversalmente, empregando a arquitectura como fío condutor e valéndonos de diferentes figuras do contexto arquitectónico para introducirmos en mundos creativos a través do seu pensamento.

O Sistema Lupo aposta por unha didáctica activa, experimental, mestura de teoría e práctica, onde o xogo é o verdadeiro aglutinante dunha dinámica creativa de carácter cooperativo na que a construción é o eixe de

investigación. As partes prácticas desenvólense a partir dunha serie de pezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporcións, xogos de equilibrio e estratexias de acción. As dinámicas que se propoñen fomentan a reflexión e a creatividade individual, o traballo en equipo e a construción a grande escala.

PROGRAMA

Xaneiro *Bruno Zevi. A linguaxe da arquitectura moderna*
 Febreiro *Lilly Reich. Deseño e arquitectura*
 Marzo *Alejandro de la Sota. Bloques lóxicos*
 Abril *Wang Shu e Lu Wenyu. Reutilización. Máis vidas que un gato*

OBRA DOIRO ESPECIAL PARA FAMILIAS

MAIO. *Diébédo Francis Kéré. Conexión humana*

TALLERES DE ARTISTA

Coincidindo coa exposición do artista Francesc Torres o CGAC programa un taller dirixido a estudantes de Belas Artes, Historia da Arte e profesionais da cultura arredor das propostas artísticas deste referente histórico da instalación multimedia.

TALLERES DE LECER

Como cada ano, o CGAC presenta unha oferta de talleres para nenos e nenas durante o verán. Con eles convidamos os pequenos a participaren en diversas experiencias artísticas en relación coa arte contemporánea. Neste programa ofrecémoslles aos máis novos unha oportunidade única para establecer contacto directo con profesionais de diferentes



ámbitos da cultura e da arte, ao tempo que promoven o coñecemento activo dalgúns dos procesos de creación característicos do noso tempo.

TALLERES DE NADAL

Durante as vacacións de nadal o CGAC acollerá diversos talleres dirixidos a nenos e nenas arredor da arte contemporánea. Un tempo para coñecer e mergullarse nos procesos creativos a través das linguaxes, soportes, materiais, técnicas e conceptos propios da arte máis actual.

CURSO DE CINE VIAJES A LO IMPOSIBLE (PARA HACER UNA PELÍCULA, PRIMERO TIENES QUE SUBIR A UNA MONTAÑA)

OUTUBRO- DECEMBRO DE 2020

Por cada película que se estrea son moitas as que non chegan a ver a luz. Estas últimas son as únicas películas perfectas porque só existen en potencia, como idea ou como soño, e non sufriron o choque co real. En cambio, as que si chegaron a existir serán sempre e necesariamente imperfectas, un catálogo de compromisos e renuncias e, quizá, dalgúns felices encontros. Por todo iso, unha das máis conmovedoras historias posibles do cinema —á que lle dedicamos este curso— é a dos creadores melancólicos que, como dixo Walter Benjamin de Kafka, “cortexan constantemente a pureza e a fermosura dun fracaso, que o queren todo para, en ocasións, non chegar a nada, que aceptan o azar como un detonante máis das súas historias, que seguen avanzando a pesar dos accidentes, que non deixan de buscar ese norte que perderon hai tempo”. Eses creadores que, en fin, viaxan ao imposible para atopar o posible.

PROGRAMA

O curso está estruturado en 10 sesións:

- 1 *Fitzcarraldo* (Werner Herzog, 1982) e *Conquista do inútil* (Werner Herzog, 2004)
- 2 *Otelo* (Orson Welles, 1948-1952) e *Filming Othello* (Orson Welles, 1978)
- 3 *Happy Together* (Wong Kar-wai, 1997)
- 4 *Irma Vep* (Olivier Assayas, 1996)
- 5 *Os louros* (Albertina Carri, 2003)
- 6 *Apocalypse Now* (Francis Ford Coppola, 1979) e *Heart of Darkness: A Filmmaker's Apocalypse* (F. Bahr,

G. Hickenlooper, E. Coppola, 1991)

- 7 *Onde jaz o teu sorriso?* (Pedro Costa, 2001)
- 8 *Vals con Bashir* (Ari Folman, 2008)
- 9 *A porta do ceo* (Michael Cimino, 1980)
- 10 *Shoah* (Claude Lanzmann, 1985)

PROGRAMA DE ARTE NO HOSPITAL

O CGAC colaborará coa aula hospitalaria do Hospital Gil Casares, cunha serie de talleres creativos adaptados aos nenos e nenas que están ingresados.

CURSO DE HISTORIA DA MODA ALEGACIÓNS Á MEDIDA. INDUMENTARIA DO SÉCULO XX

DO 8 E XANEIRO AO 11 DE MARZO DE 2020

Este curso dirixido pola profesora Carolina Munaiz persegue o serpeante percorrido social, económico e cultural do século XX en Occidente a través da evolución da vestimenta. A moda, en estreita relación coa arte, a música e o cinema ao longo do século, é manifesto fiel da historia do seu tempo.

Ademais de contextualizar os parámetros en moda que hoxe en día seguen vixentes, este curso posibilita unha crónica na que a moda é comunicadora activa dos importantes avances que se produciron, aínda con ocasión de claros retrocesos, na consecución do ansiado progreso colectivo de Occidente ao longo do convulso e igualmente fascinante século XX.

PROGRAMA

- 8 xaneiro *Final de século, final dunha vestimenta*
- 15 xaneiro *Comeza o século XX. A carreira vangardista*
- 22 xaneiro *Moda para a evasión*
- 29 xaneiro *Entroido en tempos duros*
- 5 febreiro *Contenda e competencia*
- 12 febreiro *Conservadorismo dourado*
- 19 febreiro *A alta costura á rúa, da rúa á revolución*
- 26 febreiro *Cambios de xénero, brillos e anarquía*
- 4 marzo *Materialismo en talla grande*
- 11 marzo *A antimoda pudorosa*

CURSO DE HISTORIA DA ARQUITECTURA. INTRAHISTORIAS DA ARQUITECTURA II

DO 25 DE MARZO AO 3 DE XUÑO DE 2020

A segunda edición do curso *Intrahistorias da arquitectura* continuará tratando áreas transversais a esta disciplina. Trataremos temas como a innovación, os arquitectos inventores, a educación a través do xogo de construción, a bioconstrución, as ricas relacións entre a arquitectura e o deseño ou a arquitectura e a arte, así como as relacións entre o arquitecto e o cliente. Falaremos de comunidades e dos mestres da arquitectura, deixando sempre un oco para os pioneiros. En cada sesión uniremos conceptos como a idea e a forma, o deseño e o usuario, a arte e a industria, a historia e o contemporáneo ou a razón e a técnica.

Contaremos coa proxección de documentais e coa intervención de arquitectos como Pedro de Llano Cabado e Manuel Gallego e coa presenza de diferentes axentes da construción como clientes e usuarios da arquitectura contemporánea en mesas redondas para compartir a súa experiencia. Cerraremos o ciclo cun obradoiro participativo a través das dinámicas do Sistema Lupo para achegarnos á experiencia do material e do espazo arquitectónico en colaboración coa asociación Espiga.

PROGRAMA

- 25 marzo *Experimentar coas formas. Arte, arquitectura e técnica.* Eva Lootz / Frei Otto
- 15 abril *Arquitectura e participación. Arquitectos e clientes*
- 29 abril *Aprender xogando. O xoguete de construción na educación*
- 13 maio *Arquitectura popular e contemporánea. Razón e construción.* Pedro de Llano Cabado
- 27 maio *A obra compostelá de Manuel Gallego Jorreto contada en primeira persoa*
- 3 xuño *Obradoiro participativo de bioconstrución con Espiga, Palitroques e Sistema Lupo*

CURSO DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA. ARTE NA AULA. ARTE, IDENTIDADE E EDUCACIÓN

DO 7 DE FEBREIRO AO 14 DE NOVEMBRO DE 2020

Incorporamos a este programa de educación artística un tema transversal presente en todas as etapas educativas: a identidade. Este eixe, de enorme importancia na arte



contemporánea e na vida, permitiranos coñecer numerosos referentes creativos e investigar sobre o eu e o nós a través da experimentación visual e plástica.

O nome, o corpo, a pegada, os obxectos e lugares, as relacións, a imaxe ou a acción serán o noso campo de xogo.

Cunha metodoloxía dinámica e participativa, alternaremos o traballo coas obras de arte, as sesións de observación, reflexión e debate, e os obradoiros de creación.

O curso fórmase como unha oportunidade para pór en práctica propostas didácticas que nos permitan vivenciar, reflexionar e xerar dinámicas adaptadas aos diferentes contextos educativos.

PROGRAMA

- 7-8 febreiro. *Eu: o corpo como relato*
- 8-9 maio. *Min: obxectos e lugares que me definen*
- 13-14 novembro. *Comigo: cruzamentos, lazos e outros encontros*

CURSO DE ÓPERA CONTEMPORÁNEA. C'EST N'EST PAS UNE OPERA? COMO ADENTRARSE NA ÓPERA CONTEMPORÁNEA

DO 20 DE ABRIL AO 5 DE MAIO DE 2020

Falar de ópera contemporánea é referirse a un territorio tan amplo como poliédrico. Hoxe máis que nunca alcanzáronse altas cotas de orixinalidade e creatividade na ópera; a isto contribúen xeniais directotes de escena, escenógrafos, videoartistas e tamén as tecnoloxías aplicadas á dramaturxia visual e a combinación de sons novos cos tradicionais, as novas formas de *literaturoper* ou de operas concepto.

Aprender a escoitar ópera contemporánea desentrañando a forma na que o compositor ou compositora traballa o



material sonoro, o que pretende transmitir a nivel escénico e musical, é o obxectivo deste curso.

O curso será impartido por Rosa María Fernández, doutora en Musicoloxía, que ao longo da súa carreira profesional centrou gran parte das súas investigacións en música contemporánea, especialmente na análise de novas dramaturxias escénicas e desenvolveu distintos proxectos relacionados coa interacción da música e as artes visuais.

V CONGRESO SOBRE PERFORMANCE FUGAS E INTERFERENCIAS

O CGAC colaborará un ano máis coa Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo neste congreso de acción *Fugas e interferencias*, cuxo obxectivo fundamental é a análise e a reflexión sobre os novos comportamentos da arte de acción, tanto desde a práctica como desde a reflexión teórica.

FILOCAFÉ

DO 12 DE XANEIRO AO 10 DE MAIO DE 2020

O primeiro domingo de cada mes desde xaneiro ata maio, o CGAC, en colaboración coa Asociación Galega da Crítica, ofrece novos encontros para filosofar e gozar dun café diante dunha obra de arte.

Os filocafés no CGAC son conversas públicas nas que poden participar todas as persoas interesadas en intercambiar inquietudes ou puntos de vista desde calquera área ou nivel de coñecemento. As sesións estarán dirixidas por profesionais de diversos ámbitos disciplinarios, como o dramaturgo Quico Cadaval, a antropóloga Beatriz Busto Miramontes, a filóloga

Manuela Palacios González, o autor Antón Lopo e o divulgador de arte Miguel Ángel Cajigal Vera (coñecido en Twitter como El Barroquista).

Unha vez ao mes, retiramos unha obra de arte da Colección CGAC dos almacéns do museo para que nos acompañe e propicie un debate sobre ela. A peza elixida funciona como motor de arranque para unha conversa. Pero non imos falar de arte, ou non só de arte, senón de calquera cuestión que suxira a obra no ámbito temático, conceptual, formal ou anecdótico. Poderase falar de ciencia, gastronomía, política, música, filosofía, cine, estética, actualidade... de asuntos mundanos ou elevados, de xeito que todas as persoas que o desexen poidan opinar e achegar as súas reflexións sobre os temas que vaian xurdindo de xeito espontáneo.

PROGRAMA AULA DIVERSA. PROGRAMA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA PARA A INTEGRACIÓN DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL CORPO EXPRESIVO - CORPO ARTICULADO

DO 5 DE FEBREIRO AO 20 DE MAIO DE 2020

O CGAC abre un novo programa de educación artística para a integración de persoas con diversidade funcional. O proxecto *Aula diversa*, dirixido pola xestora cultural e educadora Adriana Pazos Ottón, propón a arte contemporánea como ferramenta de inclusión social e o museo como espazo de aprendizaxe aberto ao encontro das diferenzas.

Entre os meses de xaneiro e maio de 2020 terán lugar unha serie de sesións abertas a colectivos ou persoas con diversidade funcional e ao público en xeral, que combinarán visitas guiadas e talleres creativos.

O obxectivo é establecer accións integradoras que cren puntos de encontro entre colectivos e persoas diversas capaces de achegar coñecementos e experiencias desde perspectivas múltiples e xerar un espazo físico, conceptual e social común. Traballaremos a interdisciplinabilidade nas artes. Amosaremos os traballos de artistas como Joseph Beuys, Marina Abramovic, Bruce Nauman, Pina Bausch ou, no caso de España, Itziar Okariz, Esther Ferrer e Yolanda Domínguez, entre outras figuras destacadas. Faremos referencia ademais ás vertentes performativas dalgúns dos artistas que exorarán no CGAC en 2020 como Francesc Torres e Antón Patiño.

As claves da proposta son o espertar corporal, a improvisación e a exploración das posibilidades expresivas do

espazo que nos rodea e do medio audiovisual. Achegarémonos á *performance* como arte viva e experimental.

Crearemos sons a partir de materiais cotiáns e faremos uso da imaxe en movemento. Entenderemos o corpo articulado como materia expresiva e vehículo emocional. Traballaremos a linguaxe corporal e a xestualidade, e revisaremos expresións físicas que facemos inconscientemente a diario para coreografar a experiencia.

As sesións serán adaptadas ás necesidades das persoas asistentes procurando a accesibilidade, a comprensión e o gozo dos contidos que se propoñan a todo o grupo.

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

O CGAC continuará colaborando nas Xornadas de Música Contemporánea, organizadas polo Concello de Santiago, a USC, o Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña e o propio CGAC nas que se programa a música máis vangardista do panorama internacional e os grupos emerxentes galegos.

COLABORACIÓN CO PROGRAMA MÚSICA EN COMPOSTELA

Coa finalidade de dar a coñecer e difundir o patrimonio musical, o CGAC colaborará por primeira vez coa próxima edición do Ciclo Música en Compostela coa presentación dun concerto no auditorio do CGAC.

PARTICIPACIÓN NO FESTIVAL HER-DANZA

O CGAC colaborará un ano máis con este festival que busca a dinamización e promoción da danza contemporánea nalgúns dos espazos máis representativos e fermosos da cidade.

O festival desenvólvese durante unha semana e ofrecerá diversas actividades arredor da danza contemporánea: talleres formativos, conversas con profesionais da danza, proxeccións e espectáculos de pequeno e mediano formato en rúas, claustros e espazos abertos de Santiago de Compostela.



SERVIZO DE VISITAS GUIADAS DURANTE A FIN DE SEMANA

Todos os domingos o público poderá achegarse ao CGAC para gozar das mostras expositivas acompañado por mediadoras especializadas en arte. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

O servizo está dispoñible durante todo o ano.

SERVIZO DE VISITAS GUIADAS CON CITA PREVIA

DE XUÑO A SETEMBRO

O CGAC ofrece visitas guiadas gratuítas ás súas exposicións temporais de martes a venres de 11:00 a 13:00 horas. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

No caso dos grupos escolares dos ciclos de educación infantil e de primaria, o persoal do Departamento de Actividades e Educación diseña, ademais, talleres didácticos específicos para complementar a visita ás mostras artísticas.

FEIRA CULTURAL

O CGAC participará na feira con diversas actividades do ámbito artístico e cultural como talleres para público infantil e algún programa de música, performance, danza ou conversa.

SEMANA DOS MUSEOS. MUSEOS PARA A IGUALDADE. DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Co lema proposto polo ICOM, "Museos para a igualdade: diversidade e inclusión", o Día Internacional dos Museos 2020 ten como obxectivo converter o museos nun punto de encontro para celebrar a diversidade de perspectivas que conforman as comunidades e o persoal dos museos, así como promover ferramentas para identificar e superar os prexuízos no que os museos amosan e nas historias que contan.

A finalidade desta celebración é concienciar sobre o feito de que os museos son un importante medio para e intercambio cultural, o enriquecemento das culturas, así como para o desenvolvemento da comprensión mutua, da colaboración e da paz entre os poblos.

Con este fin e ao longo da semana, o CGAC programa actividades dirixidas aos diferentes públicos:

- Talleres para familias na fin de semana
- *Aula diversa*. Programa de educación artística para a integración de persoas con diversidade funcional
- visitas guiadas especiais
- Proxección dos Bafta Short Film 2019
- Curso de Historia da Arquitectura *Intrahistorias da arquitectura II*. Sesión aberta ao público

ACTIVIDADES VINCULADAS Á EXPOSICIÓN CULTIVAR INCERTEZAS

Como complemento á exposición *Cultivar incertezas* desenvolveranse dous tipos de actividades

- *Aulas abertas*: ao longo de varias xornadas haberá sesións de debate sectoriais.
- *Mesas de debate*: trátase de encontros con profesionais e especialistas (profesores, artistas, galeristas, críticos, historiadores, coleccionistas, xestores...) implicados no desenvolvemento e actividades da Facultade de Belas Artes e coñecedores da evolución do contexto artístico das últimas décadas.

XORNADAS SOBRE MUSEOS

Estes encontros pretenden ser un lugar de traballo e reflexión ao redor do presente e do futuro dos centros e institucións de arte contemporánea. Unha actividade que pretende situar o CGAC como foro e espazo de debate, como lugar de encontro dos profesionais dos museos.

CICLO DE PERFORMANCE

Coincidindo coa presentación do proxecto de La Ribot nas salas do CGAC, presentaranse outras dúas performances:

- *Cabello/Carceller* presentarán unha experiencia de performance que consiste nunha conversa entre as artistas e cantantes de rap a partir duns textos filosóficos seleccionados
- *Pablo Fidalgo* presentará unha obra escénica que consiste nun monólogo con un só actor, Juan Lorient. Neste caso haberá 4 pases xa que a *performance* se presenta para un grupo reducido de 25 persoas

COLABORACIONES 2020

10-18 DE FEBREIRO DE 2020


KINO GALICIA 2020, II MARATÓN INTERNACIONAL DE CREACIÓN DE CURTAMETRAXES

Do 10 ao 18 de febreiro de 2020, o Centro Galego de Arte Contemporánea acollerá a segunda edición da Maratón Internacional de Creación de Curtametraxes, unha cita anual que forma parte dun movemento presente en máis de oitenta cidades dos cinco continentes.

Kino Galicia benefíciase do programa O teu Xacobeo (Xunta de Galicia); e conta co apoio do CGAC, a Film Commission e Turismo de Santiago de Compostela, entre outros.

COLECCIÓN

COMPRAS CGAC 2020




VÍTOR MEJUTO

FONTÁN, 1997-2017

CARTA XEOMÉTRICA DE GALICIA 1817-1845

12 ELEMENTOS DE MEDIDAS COMPOSTELA SEN ESPECIFICAR

OFERTANTE: GALERÍA TRINTA, SANTIAGO DE COMPOSTELA



KIKO PÉREZ

MISTERIO, 2018

ESCALPURA. PINTURA LACADA SOBRE MADEIRA

MEDIDAS: S. D.

OFERTANTE: GALERÍA HEINRICH EHRHARDT, MADRID



KIKO PÉREZ

MISTERIO, 2018

TÉCNICA MIXTA

2 ELEMENTOS. MEDIDAS: S. D.

C/U

OFERTANTE: GALERÍA HEINRICH EHRHARDT, MADRID




CAROLE ALFARAH

REBUILDING. LIFE. LOVE. MEMORIES, S. D.

VÍDEO COR, SON. SUBTÍTULOS EN INGLÉS. VÍDEOS QUE NARRAN LA HISTORIA DE LILAS, AFRA'A E HOSSAM E JIHAD.

3 ELEMENTOS DE 00:10:08 (LILAS), 00:10:41 (AFRA'A E HOSSAM) E 00:08:12 (JIHAD)

OFERTANTE: CAROLE ALFARAH



CAROLE ALFARAH

WA HABIBI [OH, MI AMOR], 2012-2015

FOTOGRAFÍA

1 OU 2 PEZAS

OFERTANTE: CAROLE ALFARAH



MONTSE REGO

BOLSO PRIMAVERA, 2009

CÉSPED ARTIFICIAL, ESTROPALLO E TUBO DE PLÁSTICO

25 X 8 X 20 CM

OFERTANTE: MONTSE REGO

BOLSO "A HUEVOS", 2009

OVEIRA DE PLÁSTICO E TEA

20 X 10 X 15 CM APROX.

OFERTANTE: MONTSE REGO

BOLSO "MONDRIAN", 2009

ESTROPALLO, TEA, TUBO DE PLÁSTICO

20 X 1 X 30 CM APROX.

OFERTANTE: MONTSE REGO

BOLSO JAMÓN Y..., 2009

QUEIXO, ABRAZADEIRAS E TUBO DE PLÁSTICO

22 X 2 X 22 CM APROX.

OFERTANTE: MONTSE REGO

BOLSO UN METRO DE RÍMEL, 2009

CINTAS MÉTRICAS DE PLÁSTICO

20 X 2 X 15 CM APROX.

OFERTANTE: MONTSE REGO

BOLSO QUENTE, 2009

BOLSA DE GOMA E TUBO DE PLÁSTICO

18 X 1 X 35 CM APROX.

OFERTANTE: MONTSE REGO

BOLSO POMPONIBLE, 2009

VELUDO E POMPÓNS

10 X 5 X 20 CM APROX.

OFERTANTE: MONTSE REGO

BOLSO POMPONIBLE, 2009

VELUDO E POMPÓNS

10 X 5 X 20 CM APROX.

OFERTANTE: MONTSE REGO

BOLSO POMPONIBLE, 2009

VELUDO E POMPÓNS

10 X 5 X 20 CM APROX.

OFERTANTE: MONTSE REGO



ÂNGELA FERREIRA

MESSY COLONIALISM, WILD DECOLONIZATION, 2015
 CAJAS DE MADEIRA E RETROPROYECCIÓN
 MEDIDAS VARIABLES; VÍDEO: 00:05:56
 OFERTANTE: GALERÍA CRISTINA GUERRA (LISBOA, PORTUGAL)



CHRISTIAN VILLAMIDE

PARTERRES II, 2019
 ESTRUTURAS DE FERRO E ÁRBOLES DE PLÁSTICO
 70 X 32 X 80 CM
 OFERTANTE: CHRISTIAN VILLAMIDE



ANGELA DE LA CRUZ

LOOSE FIT, 2000-2018
 ACRÍLICO SOBRE LENZO
 90 X 85 X 30 CM
 OFERTANTE: LISSON GALLERY (LONDRES, UK)



PARTERRES V, 2019
 ESTRUTURAS DE FERRO E ÁRBOLES DE PLÁSTICO
 50 X 25,5 X 25,5 CM
 OFERTANTE: CHRISTIAN VILLAMIDE




JESÚS MADRIÑÁN

DESEXOS, SÚPLICAS E TRIBUTOS (VIRXE). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRAN FORMATO

40 X 32 CM

OFERTANTE: JESÚS MADRIÑÁN



DESEXOS, SÚPLICAS E TRIBUTOS (FEAR OF LOVE). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRAN FORMATO

32 X 40 CM

OFERTANTE: JESÚS MADRIÑÁN



SEN TÍTULO (BARS). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRAN FORMATO

152 X 120 CM

OFERTANTE: JESÚS MADRIÑÁN



SEN TÍTULO (ESTALOTES). SERIE I AM LIGHT, 2019


FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRAN FORMATO

152 X 190 CM

OFERTANTE: JESÚS MADRIÑÁN

DOAZÓNS CGAC 2020

(TOTAL = 420.000,00 € APROX.)

**VÍTOR MEJUTO***SEN TÍTULO, S. D.*

DEBUXOS

6 OU 7 ELEMENTOS DE MEDIDAS SEN ESPECIFICAR

CANDA A COMPRA O ARTISTA DOARÍA UNHA SERIE DE CADROS POR DETERMINAR (6 OU 7 PEQUENOS)

DOAZÓN DO ARTISTA SUXEITA A COMPRA DA OBRA EN GALERÍA TRINTA

**KIKO PÉREZ***DIE KARTOFFELN UND DER WURM, 2018*

PINTURA AO ACEITE SOBRE DM RECORTADO

MEDIDAS VARIABLES

DOAZÓN DO ARTISTA SUXEITA A COMPRA DAS OBRAS EN GALERÍA HEINRICH EHRHARDT

**KIKO PÉREZ***DIE KARTOFFELN UND DER WURM, 2018*

PINTURA AL ACEITE SOBRE DM RECORTADO

MEDIDAS VARIABLES

DOAZÓN DO ARTISTA SUXEITA A COMPRA DAS OBRAS EN GALERÍA HEINRICH EHRHARDT

*DIE KARTOFFELN UND DER WURM, 2018*

PINTURA AO ACEITE SOBRE DM RECORTADO

MEDIDAS VARIABLES

DOAZÓN DO ARTISTA SUXEITA A COMPRA DAS OBRAS EN GALERÍA HEINRICH EHRHARDT



HERMANOS MAYO

FRANCISCO SOUZA FERNÁNDEZ, FOTÓGRAFO, MÉXICO D.F., 1939-1949 CA.

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO

17,7 X 12,7 CM

FRANCISCO SOUZA FERNÁNDEZ, JULIO SOUZA Y CÁNDIDO SOUZA EN EL MONUMENTO A LOS NIÑOS HÉROES, MÉXICO D.F., 1948

FOTOGRAFÍA BRANCO E NEGRO

17,3 X 12,7 CM



JULIO SOUZA FERNÁNDEZ, FOTÓGRAFO EN EL ESTUDIO DE FOTO HERMANOS MAYO, MÉXICO D.F., 1976-1982 CA.

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO

12,8 X 17,8 CM

FRANCISCO DEL CASTILLO, FOTÓGRAFO CON DIEGO RIVERA Y SU HIJA, ANAHUACALI, MÉXICO, 1952

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO

12,8 X 17,7 CM



PABLO DEL CASTILLO CUBILLO, FOTÓGRAFO, MÉXICO, 1964 CA.

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO

12,7 X 20,4 CM

LEÓN TROTSKY, COYOACÁN, MÉXICO, D.F., 1940, 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO

EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 9 MARZO 1992

28,2 X 35,4 CM

CARRERAS DE MOTOS. CIUDAD DE MÉXICO, 1940-46, CA., 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO

EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 11 MARZO 1992

28,2 X 35,4 CM

CAMIÓN Y MOTOCICLETA, 1952, CA., 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO

EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 25 MARZO 1992

28,2 X 35,4 CM

BURREROS, CIUDAD DE MÉXICO, 1940-46, CA., 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO

EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 24 MARZO 1992

28,2 X 35,4 CM

BRACEROS. NOCHES LA FRONTERA, 1940, CA., 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO

EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 26 FEBREIRO 1992

28,2 X 35,4 CM



ANCIANOS, 1952, 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO
EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 25
MARZO 1992
28,2 X 35,4 CM

*CONCENTRACIÓN EN LA CIUDADELA, MÉXICO, D.F., 1939-45, CA.,
1992*

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO
EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 8
NOVIEMBRE 1991
28,2 X 35,4 CM

ACCIDENTE. CIUDAD DE MÉXICO, 1949, 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO
EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 25
MARZO 1992
28,2 X 35,4 CM

PELUQUEROS CON PAISAJE, 1940-46, 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO
EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 25
MARZO 1992
28,2 X 35,4 CM

EXILIADOS ESPAÑOLES A BORDO DEL VAPOR SINAIA, 1939, 1992

IMPRESIÓN MATE EN BRANCO E NEGRO SOBRE PAPEL FOTOGRÁFICO

EDITADO POR ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN, MÉXICO D.F., 6
ABRIL 1992

28,2 X 35,4 CM

DOAZÓN DA COLECCIÓN MANUEL GARCÍA



MAX DE ESTEBAN

TWENTY RED LIGHTS, 2017-2019

VIDEOINSTALACIÓN. 44 IMPRESIÓNS DE PIGMENTO SOBRE PAPEL
ARCHIVAL HAHNEMÜHLE BARYTA E TINTA PIGMENTADA SOBRE
CARTÓN E 1 VÍDEO MONOCANAL EN LOOP (V.O. INGLÉS CON
SUBTÍTULOS EN CASTELÁN).

20 ELEMENTOS DE 45 X 50 CM C/U, 3 ELEMENTOS DE 250 X 100 CM
C/U, 1 ELEMENTO DE 82 X 68 CM, 20 ELEMENTOS DE 55 X 100 CM
C/U ELEMENTO DE 00:15:46

DOAZÓN DO ARTISTA

DOAZÓN DE 24 OBRAS DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC

OFERTA DE DOAZÓN DAS 24 OBRAS: 278.149,52 €
(VALOR SIN ACTUALIZAR)
DOAZÓN DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC




JONATHAN HERNÁNDEZ

YOU ARE UNDER ARREST, 2000-2002
7 SERIGRAFÍAS ORIXINAIS + LIBRO
6 ELEMENTOS DE 44,4 X 32,8 X 2,4 CM;
1 ELEMENTO DE 17,4 X 22,4 X 2,4 CM;
LIBRO DE 21 X 16,5 X 0,8 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



RUNA ISLAM

PARALLEL, 2001
VÍDEO
00:31:08
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



MARIE-JO LAFONTAINE

BABYLON BABIES, 2002
IMPRESIÓN C-PRINT
9 ELEMENTOS DE 66,5 X 57 X 3 CM C/U
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



AGNÈS PROPECK

SANS TITRE (GLAÇONS 1), 2001
FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO
25,1 X 20,8 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC




SANS TITRE (GLAÇONS 2), 2001
FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO
25,1 X 20,8 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



SANS TITRE (GLAÇONS 3), 2001
FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO
25,1 X 20,8 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC




LES MODERNES, N.º 9, 2000-2001
FOTOGRAFÍA A COR
22,8 X 34,3 X 2,8 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC




DAVID ROSENFELD

LES MODERNES, N.º 6, 2000-2001
FOTOGRAFÍA A COR
22,8 X 34,3 X 2,8 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



LES MODERNES, N.º 10, 2000-2001
FOTOGRAFÍA A COR
22,8 X 34,3 X 2,8 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



LES MODERNES, N.º 7, 2000-2001
FOTOGRAFÍA A COR
22,8 X 34,3 X 2,8 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC

DA SERIE *LES FAUX PASSANTS N.º 1*, 1997-1998
FOTOGRAFÍA A COR
15,8 X 10,6 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC

DA SERIE *LES FAUX PASSANTS N.º 3*, 1997-1998
FOTOGRAFÍA A COR
17,1 X 11 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC

DA SERIE *LES FAUX PASSANTS N.º 6*, 1997-1998
FOTOGRAFÍA A COR
15,8 X 10,6 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC

DA SERIE *LES FAUX PASSANTS N.º 13*, 1997-1998
FOTOGRAFÍA A COR
17,1 X 11 CM
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC




EFRAIN ALMEIDA

BEIJOS, 2002
 UMBURANA, VIDRO
 MEDIDAS VARIABLES
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



GABRIELE BASILICO

FUORICENTRO, 2003
 FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO CON PRATA
 30 ELEMENTOS DE 67, 1 X 92,3 X 3,4 CM C/U
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



GÜNTHER FÖRG

SEN TÍTULO. SCHOOL OF JOURNALISM-PARQUE DE BONAVAL, 2004
 FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO
 243,3 X 163,5 X 6,6 CM
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC

SEN TÍTULO. SCHOOL OF JOURNALISM-PARQUE DE BONAVAL, 2004
 FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO
 243,3 X 163,5 X 6,6 CM
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC

SEN TÍTULO. SCHOOL OF JOURNALISM-PARQUE DE BONAVAL, 2004
 FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO
 243,3 X 163,5 X 6,6 CM
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



HUMBERTO RIVAS

COIMBRA, 1994
 FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO. XELATINA DE PRATA
 41 X 67 X 3 CM C/U
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC



LLEIDA, 1994
 FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO. XELATINA DE PRATA
 56,5 X 66,5 X 3 CM C/U
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CGAC

PRESTAMOS DE OBRAS DA COLECCIÓN CGAC XANEIRO 2020

LEOPOLDO NÓVOA. 1919-2019. A PEL DA TERRA

DATAS DE EXPOSICIÓN: 23/01/2020 – 26/04/2020

SOLICITANTE: MUSEO DE PONTEVEDRA

LUGAR DE EXPOSICIÓN: MUSEO DE PONTEVEDRA. RÚA PASANTERÍA,
2. 36002. PONTEVEDRA

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 9/2019

OBRAS SOLICITADAS:

LEOPOLDO NÓVOA: NEGRO CON GRAN MECATE, 1974

TÉCNICA MIXTA SOBRE TÁBOA. 164 X 102 CM

COL1995-0020

A TRAVÉS DE LA ARENA

DATAS DE EXPOSICIÓN: 20/02/2020 – 30/05/2020

LUGAR DE EXPOSICIÓN: CENTROCENTRO. PLAZA DE CIBELES, 1.
28014. MADRID

SOLICITANTE: CENTROCENTRO

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 1/2020

OBRAS SOLICITADAS:

EVA LOOTZ: CANON INVERSO, 1987

DISCOS DE LATÓN CON CONOS DE CARBÓN BRASEIRO E CABLES

7 ELEMENTOS DE MEDIDAS VARIABLES

COL2017-0011

MANUEL VILARIÑO: CAMINANTE SIN REFUGIO

DATAS DE EXPOSICIÓN: 20/02/2020 – 12/04/2020

LUGAR DE EXPOSICIÓN: IGLESIA DE LA UNIVERSIDAD. PLAZA DE
MAZARELOS, 2. 15703. SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

SOLICITANTE: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - USC

RESOLUCIÓN: RESOLUCIÓN 2/2020

OBRAS SOLICITADAS:

MANUEL VILARIÑO: CRUZ DE LUZ PARTIDA, 1999

DÍPTICO. CIBACHROME SOBRE ALUMINIO. EDICIÓN 1 DE 3.

2 ELEMENTOS DE 120 X 120 CM C/U

COL2002-0018

MANUEL VILARIÑO: CRUZ ROJA DESHABITADA, 2000

CIBACHROME SOBRE ALUMINIO. EDICIÓN 1 DE 3. 120 X 120 CM

COL2002-0028

